

|              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| DIRIGIDO A:  | Dirección Xeral de Conservación da Natureza.<br>Consellería de Medio Ambiente, Territorio e<br>Infraestruturas. Santiago de Compostela                                                                                                                                                                                                        |
| ASUNTO:      | Alegacións de UNITEGA ao Anteproxecto de Lei de Caza<br>de Galicia                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| SOLICITANTE: | <b>UNION DE ASOCIACIONES TITULARES DE TECORES<br/>DE GALICIA - UNITEGA</b><br>CARRETERA DE CERDEDELO Nº 41 - LAZA<br>32620 OURENSE / TFNO.: 639 28 96 27<br><a href="mailto:unitega@gmail.com">unitega@gmail.com</a> <a href="http://www.unitega.net">www.unitega.net</a><br>Nº de inscripción en el Registro Central de Asociaciones: 900-02 |



**Solicitud a la Administración Nº 044 / 2012**

D. Florencio Blanco Conde, con D.N.I.: 34.720.134, y domicilio a efectos de notificación en Estrada de Cerdedelo Nº 41, de Laza (32620 - Ourense); como Presidente de la Unión de Tecores de Galicia,

**EXPONE:**

Que despues de varias reuniones con unha ampla representación de tecores y cazadores gallegos, dentro del plazo legal concedido al efecto hemos redactado las alegaciones que consideramos oportunas y que consideramos del máximo interés para la elaboración de una nueva Ley de Caza de Galicia y con especial transcendencia las que afectan a los artículos 55, 29, 2, 31, 33, 34, 38, 80, 81 y 84 todo a ello para su debida consideración y efectos oportunos, quedando a su plena disposición para cualquier aclaración o más completa justificación de su su contenido.

Laza, a 7 de Marzo de 2012  
Fdo.: Florencio Blanco Conde



EL PRESIDENTE DE UNITEGA



**Proponse unha revisión completa do texto do Anteproyecto de Lei de Caza de Galicia para:**

- Eliminar ou definir con máis precisión, todos aqueles puntos que dean lugar a posibles interpretacións, xa que esta é unha das causas pola que se afronta a redacción dunha nova Lei de Caza de Galicia. Non podemos permitírnos o luxo de volver redactar unha Lei que de lugar a interpretacións diferentes en cada provincia e, polo tanto, conflitos e trato desigual cara aos cidadáns de Galicia.
- Harmonizalo co disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, Xa que en moitos puntos desta se aprecia que a devandita norma non se tivo en conta á hora de elaborar este texto. Así como tamen co Real Decreto 1274/2011, de 16 de setembro, polo que se aproba o Plan estratéxico do patrimonio natural e a biodiversidade 2011-2017, na aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro. E conforme a esta lexislación propónse ademais:
  - A creación do inventario galego de caza que mantera a información completa das poboacións, capturas e evolución genética das especies de caza autorizadas con especial atención as especies migratorias conforme o establecido na dita lei 42/2007.
  - Impulsar o papel das Sociedades de cazadores como entidades de custodia do territorio para protección do patrimonio cinexético conforme o establecido no RD 1274/2011.
  - Propónse ademais a creación dun rexistro de entidades de caza para a custodia do territorio no que se determine a tipoloxía e as condicións destas entidades así como os acordos de custodia e as formas de xestión concertada.

**A continuación procedemos a realizar as seguintes alegacións aos Artigos e disposicións do Anteproxecto de Lei de Caza de Galicia:**

Exposición de motivos:

Entendemos que este apartado deberase reformar en profundidade unha vez se acepten as alegacións que se presenten no período de exposición pública. En todo caso, é necesario realizar unha reforma en profundidade do texto, pois hai varios apartados deste nos que se expoñen intencións que non se corresponden co articulado "que posteriormente se propón, "como pode ser o aspecto relativo á "busca dunha distribución máis xusta" da responsabilidade" polos danos causados polas especies cinexéticas".

---

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

**Onde di:**

Esta Lei ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

**Debería dicir:**

A presente lei ten por obxecto regular o exercicio da caza e o mundo que a rodea na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o fomento, protección, conservación, ordenado aproveitamento do Patrimonio Natural Cinexético, o dereito a practicala e o deber de xestionala, todo iso en harmonía cos distintos intereses afectados.

**Xustificación da proposta de modificación:**

As especies de caza forman parte do Patrimonio Natural, e como tal débese recoñecer a súa importancia. Por outra banda, é importante destacar que a caza é unha parte máis da conservación da natureza que precisa dunha xestión axeitada e integrada co resto de intereses que a rodean.

---

Artigo 2. Acción de Cazar.

**Onde di:**

1. Para os efectos desta lei considérase acción de cazar a exercida para buscar, perseguir ou agardar a chegada das pezas de caza cuxa finalidade sexa capturar ou abater estas, ou facilitar a súa captura por un terceiro. Tamén se considera acción de cazar o adestramento de cans sen captura de pezas.
2. Non se considera acción de cazar as accións preparatorias das cacerías, realizadas sen armas, nas modalidades colectivas de caza maior, e o voo libre das aves en cetraría.

**Debería dicir:**

1. Para os efectos desta lei considérase acción de cazar a exercida para buscar, perseguir ou agardar a chegada das pezas de caza cuxa finalidade sexa capturar ou abater estas, ou facilitar a súa captura por un terceiro, no espacio físico concreto onde se desenvolve o lance de caza.
2. Non se considera acción de cazar as accións preparatorias das cacerías realizadas sen arma nas modalidades colectivas de caza maior, o rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraelados e o adestramento de cans sen a captura de pezas.

### **Xustificación da proposta de modificación:**

A finalidade do adestramento de cans non ten como obxectivo a captura final da peza, pois deixaría de considerarse adestramento ou formación para pasar a ser unha acción de caza. O rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraelados non pode considerarse en si mesmo unha acción de cazar, posto que se desenvolve unha vez finaliza a devandita acción (acción complementaria da caza). Por outra parte, é importante definir o ámbito territorial no que se desenvolve a acción de cazar e que en ningún caso se pode circunscribir á superficie total dun Tecor, senón á da zona concreta onde se desenvolve o lance de caza.

---

### **Artigo 3. Obxecto da caza.**

#### **Onde di:**

1. Son obxecto da caza os exemplares pertencentes ás especies que se declaren como cinexéticas, que dende ese momento terán a condición de pezas de caza.
2. Os animais domésticos, en tanto mantéñanse nesa condición, non poderán ser obxecto da caza.

#### **Debería dicir:**

1. Son obxecto da caza as especies de fauna silvestre ou os animais de produción criados con fins cinexéticos, declarados como pezas de caza.
2. Tamén poderán ser obxecto de caza, previa autorización, as especies incluídas no catálogo nacional de especies invasoras, sempre co fin de preservar o patrimonio natural, os bens ou as persoas. Esta cuestión desenrolarase regulamentariamente.

### **Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que a redacción do texto non é de todo correcta xa que na LEI 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal se establecen as seguintes definicións no Artigo 3. Definicións:

2. Animais de produción: os animais de produción, reprodución, cebo ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos ou produtos, de orixe animal para calquera uso industrial ou outro fin comercial ou lucrativo.
3. Animais de compañía: os animais que teña no seu poder o home, sempre que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos.
4. Animais domésticos: aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o home, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas ou con deficiencia visual grave ou severa.
5. Fauna silvestre: o conxunto de especies, subespecies, poboación e individuos animais que viven e se reproducen de forma natural en estado silvestre no territorio nacional, incluído os que se encontran en invernada ou están de paso, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono, e da posibilidade de o seu aproveitamento cinexético. Non se entenderán incluídos os animais das devanditas especies que teñan o carácter de domésticos, criados con fins produtivos ou de aproveitamento destes ou das súas producións ou cultivos, e os de experimentación ou investigación científica coa debida autorización.

#### **Art.º 3.2.**

Entendemos que a redacción do texto non é correcta á vista das definicións recollidas no Real Decreto 1628/2011, do 14 de novembro, polo que se regula o listado e catálogo español de especies exóticas invasoras.

## Artigo 2. Definicións.

Para os efectos da presente norma enténdese por:

- . Animal asilvestrado: espécime animal de procedencia doméstica, que se move libremente no medio natural e cuxo ciclo biolóxico ou parte del se desenrole á marxe da intervención humana.
- . Animais de produción: os animais de produción, reprodución, cebo ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos, ou produtos, de orixe animal para calquera uso industrial ou outro fin comercial ou lucrativo.
- . Animais de compañía: os animais domésticos que as persoas manteñen xeralmente no fogar para obter compañía por ser pertencentes a especies que críen e posúan tradicional e habitualmente o home, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas ou con deficiencia visual grande ou severa.
- . Animais domésticos: aqueles animais que pertencen a especies que habitualmente se crían, se reproducen e conviven con persoas e que non pertencen á fauna salvaxe, tendo tamén esta consideración os animais que se crían para a produción de carne, pel ou algún outro produto útil para o ser humano, os animais de carga e os que traballan en agricultura.
- . Animal de compañía exótico: animal da fauna salvaxe non autóctona que de xeito individual depende dos humanos, convive con eles e asumiu o costume do cativerio.
- . Invasión: acción dunha especie invasora debida ao crecemento da súa poboación e á súa expansión, que comeza a producir efectos negativos nos ecosistemas onde se introduciu.
- . Control: a acción da autoridade competente ou a autorizada ou supervisada por esta, destinada a reducir a área de distribución, limitar a abundancia e densidade ou impedir a dispersión dunha especie exótica invasora.
- . Especie nativa ou autóctona: a existente dentro da súa área de distribución e de dispersión natural.
- . Especie exótica ou alóctona: refírese a especies, subespecies ou taxóns, incluíndo as súas partes, gametos, sementes, ovos ou propágulos que puidesen sobrevivir ou reproducirse, introducidos, fóra da súa área de distribución natural e da súa área potencial de dispersión, que non tivese podido ocupar sen a introdución directa ou indirecta, ou sen o coidado do home.
- . Especie exótica con potencial invasor: especie exótica que podería converterse en invasora en España, e en especial aquela que demostrou ese carácter noutros países ou rexións de condicións ecolóxicas semellantes.
- . Especie exótica invasora: especie exótica que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou semi natural, e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética.
- . Erradicación: proceso tendente á eliminación de toda a poboación dunha especie.
- . Fomento: conxunto de medidas adoptadas no medio natural co fin de incrementar a distribución dunha especie, e no caso de illas a súa poboación, e que van dirixidas ao mantemento, conservación ou recuperación ou das súas poboacións ou hábitats, incluído os reforzamentos.
- . Híbrido: o exemplar procedente do cruzamento reprodutivo de exemplares de especies diferentes.

Ademais no citado Real Decreto 1628/2011, do 14 de novembro, polo que se regula o listado e catálogo español de especies exóticas invasoras na DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Híbridos, animais de compañía, animais de compañía exóticos, domésticos e de produción e plantas cultivadas con fins científicos asilvestrados no medio natural.

A autoridade competente poderá considerar como especies exóticas invasoras para os efectos da aplicación das medidas de loita contra as especies exóticas invasoras consideradas no artigo 10:

- a. Os exemplares híbridos de especies, subespecies e razas xeográficas alóctonas que se encontren en liberdade no medio natural.
- b. Os exemplares dos animais de compañía, animais de compañía exóticos, domésticos e de produción asilvestrados, sen prexuízo do establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, e o Real Decreto 479/2004, do 26 de marzo, que regula o rexistro xeral de explotacións gandeiras.

Artigo 10. Medidas de loita contra as especies exóticas invasoras do Listado e Catálogo.

10. As autoridades competentes autorizarán os métodos e condicións de captura de especies incluídas no Catálogo máis axeitados para o seu control e posible erradicación, utilizando métodos e condicións baseados en criterios de selectividade e benestar animal.

Por todo iso entendemos que se o que o lexislador pretende que o colectivo de cazadores mediante a actividade cinexética colabore na erradicación destas especies mediante a caza a redacción proposta sería unha redacción máis apropiada xa que a caza segundo a Real Academia da Lingua Española (RAE) a define como a "Acción de cazar" -Cazar: "Buscar ou perseguir ás aves, feras e outras moitas clases de animais para cobralos ou matalos. " -) e polo tanto se a administración quere pode habilitar o noso colectivo para facelo e determinar regulamentariamente as condicións e os métodos.

---

#### Artigo 5. As especies cinexéticas.

##### **Onde di:**

2. Para os efectos de planificación, ordenación e aproveitamento cinexéticos, as especies de caza clasifícanse en dous grandes grupos:

- a) Especies de caza maior
- b) Especies de caza menor.

##### **Debería dicir:**

2. Para os efectos de planificación, ordenación e aproveitamento cinexéticos, as especies de caza clasifícanse en dous grandes grupos:

- a) Especies de caza maior
- b) Especies de caza menor:
  - Sementarías.
  - Migratorias.

##### **Xustificación da proposta de modificación:**

Parece lóxico diferenciar a xestión das especies de caza menor en función da súa permanencia total ou parcial ao longo do ano nos terreos cinexéticos.

---

Artigo 6. A propiedade das pezas de caza.

**Onde di:**

2. O cazador que fira a unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar, ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, sempre que fose visible dende o linde, debendo entrar a cobrala coa arma descargada, e cos cans atados.

**Debería dicir:**

2. O cazador que fira a unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar, ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, debendo entrar a cobrala coa arma descargada.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Nas modalidades de caza colectiva na que se utilizan grupos de cans, resulta imposible chegar a un control tan estrito como o que se propón no novo texto. A visibilidade nos montes de Galicia depende da vexetación e na maioría dos casos esta reduce a visibilidade ata tal punto que este punto sería inaplicable.

---

**Onde di:**

3. En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do titular do dereito real sobre o terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e o cazador entre a cobrar a peza cos cans atados e coa arma descargada. Cando o terreo alleo estivese cercado ou no caso de que a peza non fose visible dende o linde, o cazador necesitará autorización do titular do dereito real sobre o terreo para entrar a cobrala. O que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado a entregar a peza ferida ou morta, sempre que fose achada e puidera ser aprehendida.

**Debería dicir:**

3. En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do titular do dereito real sobre o terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e o cazador entre a cobrar a peza coa arma descargada. Cando o terreo alleo estivese cercado, de tal forma que se impida o acceso físico ao cazador e aos cans, ou no caso de que a peza non fose visible dende o linde, o cazador necesitará autorización do titular do dereito real sobre o terreo para entrar a cobrala. O que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado a entregar a peza ferida ou morta, sempre que fose achada e puidera ser aprehendida.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Se os terreos se encontran cercados, enténdese que o deberían estar de tal forma que impidan o paso das propias pezas de caza e dos cans.

---

**Onde di:**

5. Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o cazador que a levantou, con ou sen axuda de can ou outros medios, vaia no seu seguimento e teña unha razoable posibilidade de cobrala.

**Debería dicir:**

5. Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o cazador que a levantou, con ou sen axuda de can ou outros medios, vaia no seu seguimento.

**Xustificación da proposta de modificación:**

"Razoable posibilidade de cobrala" é unha expresión que implica unha valoración subxectiva da situación, o cal provocará diversas interpretacións desta en función da persoa que a valore.

---

Artigo 9. Terreos non Cinexéticos.

**Onde di:**

1. Son terreos non cinexéticos aqueles nos que por expresa declaración desta lei ou por resolución administrativa, se estableza a prohibición de cazar.
2. Nos devanditos terreos, a Administración competente en materia de caza poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.

**Debería dicir:**

1. Son terreos non cinexéticos aqueles nos que por expresa declaración desta lei ou por resolución administrativa, se estableza a prohibición de cazar. Todo iso sen prexuízo de que a Administración competente en materia de caza poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais, en colaboración cos colectivos de cazadores.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Os puntos 1 e 2 son contraditorios, polo que é preciso suprimir esa contradicción deixando un único punto.

---

Artigo 12. A creación de refuxios de fauna.

**Onde di:**

2. A creación de refuxios de fauna silvestre tamén se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan culturais, deportivos ou científicos, acompañando á solicitude unha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade.

**Debería dicir:**

2. A creación de refuxios de fauna silvestre tamén se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan científicos ou cinexéticos, acompañando á solicitude unha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non parece moi lóxico que no artigo no que se define o concepto de "refuxio de fauna" se cite como causa da súa declaración "razóns de carácter biolóxico, científico ou educativo, co fin de asegurar a conservación de determinadas especies da fauna salvaxe" e que esta se poida promover por entidades "culturais e deportivas", que nada teñen que ver coa conservación das especies da fauna silvestre.

---

### Artigo 13. Zonas habitadas.

**Onde di:**

Considéranse zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbanos e periurbanos de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente.

**Debería dicir:**

Considéranse zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbanos e periurbanos de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente. Excepcionalmente poderase autorizar neles o exercicio da caza con medios ou artes que non poñan en risco ás persoas ou aos bens afectados.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Certas artes, como a cetraría ou a caza con cans ou furóns, a caza con arco, ou todos eles á vez poden ser útiles e aforrar un montón de diñeiro ás administracións cando existen problemas coa fauna salvaxe nestas zonas. Exemplo sinxelo o voo dos falcóns nos aeroportos ou no centro das cidades.

---

### Artigo 14. Áreas industriais.

**Onde di:**

Considéranse áreas industriais os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, os invernadoiros, as canteiras e calquera outro asentamento de carácter industrial.

**Debería dicir:**

Considéranse áreas industriais os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, e as canteiras que manteñan a súa actividade industrial, agropecuaria, forestal e extractiva.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A Lei non pode conter termos imprecisos como “calquera outro asentamento de carácter industrial”. As fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, e as canteiras abandonadas non deberían considerarse zonas industriais, para os efectos desta Lei. Os invernadoiros forman parte das instalacións agropecuarias e forestais.

---

### Artigo 15. Vías públicas

**Onde di:**

Para os efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas convencionais sinalizadas e camiños públicos que se encontren, así mesmo, sinalizados.

**Debería dicir:**

Para os efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas convencionais sinalizadas e os camiños públicos asfaltados que comuniquen núcleos de poboación de forma directa.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que é necesario definir con precisión aqueles camiños que se consideran vías públicas.

---

Artigo 18. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres e zonas de exclusión.

**Onde di:**

4. As Zonas Libres, son aqueles terreos que presenten unha superficie superior a 500 has. continuas, nos que está permitido o exercicio da caza, sen mais limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolven. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia.

**Debería dicir:**

4. As Zonas Libres, son aqueles terreos que presenten unha superficie superior a 500 has. continuas, nos que está permitido o exercicio da caza, sen mais limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolven. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia, que elaborará Plans de Ordenación Cinexética a nivel de Distritos Ambientais, nos que se marcarán as liñas básicas de xestión destas zonas.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É imprescindible que todos os espazos cinexéticos contén con instrumentos de xestión, aínda que estes se realicen a unha escala espacial ampla, polo que as zonas libres debe contar cun destes instrumentos de xestión.

---

**Propomos engadir o seguinte punto:**

A organización da práctica da caza maior realizarase mediante solicitude previa á Consellería competente en materia de caza, a cal priorizará a concesión de permisos cara aos cazadores das parroquias e dos Concellos ás que pertencen os terreos.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Resulta imprescindible establecer un sistema que favoreza o acceso á caza maior dos cazadores locais e os propietarios dos terreos.

---

Artigo 19. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.

**Onde di:**

1. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado aos que ostentan a titularidade cinexética sobre estes, con exclusión de todos os demais. Para os efectos desta lei enténdese por titularidade cinexética aquela que reserva o dereito ao exercicio da caza nun ámbito territorial determinado a unha persoa, xa sexa física ou xurídica.

**Debería dicir:**

1. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado aos que ostentan a titularidade cinexética sobre estes, con exclusión de todos os demais. Para os efectos desta lei enténdese por titularidade

cinexética aquela que reserva o dereito ao exercicio da caza nun ámbito territorial determinado as persoas, xa sexan físicas ou xurídicas.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Proponse unha redacción en plural para as persoas, pois se polo xeral, adoitan ser colectividade de cazadores.

---

**Onde di:**

2. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial divídense nas seguintes categorías:

- a) Terreo cinexético ordenado (TECOR).
- b) Reservas de caza.
- c) Terreos cinexético-deportivos.
- d) Explotacións cinexéticas comerciais.

**Debería dicir:**

2. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial divídense nas seguintes categorías:

- a) Terreo cinexético ordenado (TECOR).
- b) Reservas de caza.
- c) Explotacións cinexéticas comerciais.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Proponse a eliminación dos terreos cinexético-deportivos. Dita proposta desenrolase nas alegacións ao artigo 32.

---

Artigo 20. Terreo cinexético ordenado (TECOR).

**Onde di:**

7. Para o exercicio da caza nos TECOR será necesario contar co permiso correspondente, expedido polo titular do propio TECOR.

**Debería dicir:**

7. Para o exercicio da caza, das accións preparatorias das cacerías realizadas sen arma nas modalidades colectivas de caza maior, do rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraillados e do adestramento de cans sen captura de pezas, nos TECOR será necesario contar co permiso correspondente, expedido polo titular do propio TECOR.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É preciso incluír dentro deste apartado a caza, as accións preparatorias das cacerías realizadas sen arma nas modalidades colectivas de caza maior, o rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraelados e o adestramento de cans sen captura de pezas.

---

**Propoñemos suprimir o seguinte punto:**

10. A Administración pública fomentará as unións territoriais de TECORES.

**E substituílo polo seguinte:**

10. A Administración pública fomentará accións de xestión cinexética conxunta dos TECORES.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Na última década a Administración xa impulsou unións territoriais de Tecores e na actualidade a maioría delas están en proceso de división de novo, polo que non procede volver cometer os mesmos erros que xa se cometeron no pasado. En todo caso, a Administración poderá impulsar accións de xestión conxunta da xestión destes.

---

Artigo 21. Procedemento xeral de declaración dun TECOR.

**Onde di:**

3. Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos TECOR e acreditado o cumprimento do previsto nos apartados 1 e 2 do presente artigo, o titular da Consellería competente en materia de caza, outorgará unha aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se adopten as medidas que se sinalen nesta. Se non se adoptasen esas medidas no citado prazo, quedará sen efecto a aprobación provisional.

**Debería dicir:**

3. Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos TECOR e acreditado o cumprimento do previsto nos apartados 1 e 2 do presente artigo, o titular da Consellería competente en materia de caza, outorgará unha aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se adopten as medidas que se sinalen nesta. Se non se adoptasen esas medidas no citado prazo, quedará sen efecto a aprobación provisional. Esta aprobación provisional outorgarase unha vez resoltas todas as alegacións presentadas na vía Administrativa.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É preciso resolver todas as alegacións presentadas antes de emitir unha resolución, aínda que esta sexa provisional.

---

**Onde di:**

6. O plan de ordenación cinexético terá unha vixencia mínima de 5 anos. Non obstante, os TECORES que voluntariamente quixeran revisalo, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, antes de que finalice o seu período de vixencia.

**Debería dicir:**

6. O plan de ordenación cinexético terá unha vixencia mínima de 10 anos e máxima de 25 anos. Non obstante, os TECORES que voluntariamente quixeran revisalo, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, antes de que finalice o seu período de vixencia.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Esta alegación faise en consonancia co Artigo 20.3-4, e ca que se propón no Artigo 20 para o apartado 1 de artigo "42. A ordenación da caza".

---

Artigo 28. Extinción dos TECOR.

**Onde di:**

Os TECOR poden extinguirse polas seguintes causas:

- a) Falecemento ou extinción da personalidade xurídica do titular.
- b) Renuncia do titular.
- c) Resolución administrativa asine recaída en procedemento sancionador.
- d) Expiración do prazo polo que se tiver constituído ou prorrogado.
- e) Perda da titularidade sobre a superficie mínima esixida
- f) Inviabilidade do exercicio ordenado e sostible da actividade cinexética.
- g) Constitución doutro réxime cinexético que determine a súa incompatibilidade coa subsistencia do TECOR
- h) Por incumprimento grave das condicións ou prohibicións establecidas na correspondente autorización, logo de audiencia do interesado.

**Debería dicir:**

Os TECOR poden extinguirse polas seguintes causas:

- a) Falecemento ou extinción da personalidade xurídica do titular.
- b) Renuncia do titular.
- c) Resolución administrativa recaída en procedemento sancionador.
- d) Expiración do prazo polo que se tiver constituído ou prorrogado.
- e) Perda da titularidade sobre a superficie mínima esixida, coa excepción dos Tecores afectados pola declaración dun Refuxio de Fauna nos seus terreos.
- f) Constitución doutro réxime cinexético que determine a súa incompatibilidade coa subsistencia do TECOR
- g) Por incumprimento grave das condicións ou prohibicións establecidas na correspondente autorización, logo de audiencia do interesado.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A palabra “asine” no pertence o idioma galego. Determinar se un Tecor é cinexéticamente inviable é unha decisión subxectiva para a Administración. En todo caso, entendemos que chegados a este extremo, o que procede antes de extinguir o Tecor é obrigalo a que adopte medidas correctoras sobre a situación excepcional existente. O Artigo 12.5. di: “Os Terreos Cinexéticamente Ordenados (TECORES) afectados pola declaración dunha parte do seu territorio como refuxio de fauna, non perderán tal condición se por causa desta, visen reducido o seu territorio por debaixo da superficie mínima esixida para a súa declaración como Terreo Cinexéticamente Ordenado, nos termos establecidos no art. 20.3 da presente Lei”, polo que é preciso incluír esta excepción para que non exista contradición entre os dous Artigos.

---

**Artigo 29. A facultade de exclusión.**

**Onde di:**

1. Os titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos.
2. O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza, entenderase expresado de modo manifesto pola colocación de sinais perfectamente visibles, unhas doutras, que prohiban a entrada a estes, con carácter xeral ou para a práctica da caza, en particular, colocadas no perímetro ou nos accesos practicables do respectivo terreo.

**Debería dicir:**

1. Os titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, conservan o seu pleno dereito a solicitar en calquera

momento a súa exclusión do mesmo e prohibir a práctica da caza no respectivo terreo, sempre que a súa superficie continua non acade as 500 hectareas.

2. O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza, entenderase expresado de modo manifesto pola colocación de sinais perfectamente visibles, unhas doutras, que prohiban a entrada a estes, con carácter xeral ou para a práctica da caza, en particular, colocadas no perímetro ou nos accesos practicables do respectivo terreo.

3. Previamente á colocación dos sinais, o titular solicitará ante a Administración competente en materia de caza a exclusión do tecor do terreo da súa propiedade. A solicitude acompañarase coa documentación fehaciente que acredite que os terreos son da súa propiedade e a planimetría suficiente para a súa correcta ubicación. Logo diso, a Administración competente en materia de caza iniciará a instrución do expediente de exclusión, que constará dun trámite mínimo de audiencia ao tecor afectado e dun período de información pública, durante o cal os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas, tralo cal a Administración actuante resolverá sobre a procedencia ou non da exclusión solicitada, comunicando dita resolución ás partes interesadas.

4. Os terreos excluídos polos seus propietarios pasarán a considerarse encravados e reverterán sobre os seus propietarios as responsabilidades que previamente recaían sobre os titulares dos Tecores, se as houbese.

#### **Xustificación da proposta de modificación:**

**O principio xeral de seguridade xurídica, que debe presidir as relacións entre a Administración e os administrados,** implica que calquer modificación ou alteración dunha resolución administrativa (declaración de tecor), se realice cunhas garantías mínimas para a defensa dos intereses das partes afectadas. Xa que logo, é preciso establecer un procedemento no que exista comunicación da intención do propietario á Administración para que esta previa acreditación do presunto dereito do propietario e da identificación inequívoca do terreo ó que se refire, instrúa o correspondente procedemento no que se garante a defensa tanto do tecor como de posibles terceiros interesados. E, será sólo, despois de resolución administrativa firme, cando o propietario deba proceder a sinalización pertinente do terreo.

Resulta de todo punto incomprensible pensar que os tecores unha vez presentados i aprobados os PAC,s e os POC,s i pagadas as taxas anuais da matrícula por una superficie cinxética concreta e debidamente acotada, visen reducida dita superficie sin ningún tipo de aviso, nin tramitación de expediente algún ao respecto. Xustificada únicamente na vontade unilateral **do presunto titular do terreo.**

Tamén é unha consecuencia obvia, que si os titulares privados ou colectivos (Comunidades de montes veciñais en máñ común) dos terreos incluídos nun tecor non queren seguir dentro do mesmo teñan dereito a solicitar a súa exclusión. Pero igualmente resulta evidente que, neste caso, eles en cuanto propietarios igualmente son responsables dos danos causados por accidentes de circulación provocados por especies de fauna silvestre procedentes dos terreos excluídos, así como danos causados por estas especies nas explotacións agrarias excluídas.

---

### Artigo 31. Vedados de caza.

#### **Onde di:**

2. A superficie mínima destes espazos será a dun dez por cento da superficie total do TECOR, que poderá repartirse en varios espazos menores, que en ningún caso poderán ser dunha extensión menor ás 50 ha., cada un. A situación e condicións destes vedados haberán de ser a que resulte máis idónea para asegurar os obxectivos para os que se crean.

#### **Debería dicir:**

2. A situación e condicións destes vedados, cando existan, haberán de ser a que resulte máis idónea para asegurar os obxectivos para os que se crean.

#### **Xustificación da proposta de modificación:**

Proponse eliminar a obrigatoriedade de que os Tecores contén cunha superficie mínima vedada. A necesidade de establecer ou non vedados debe corresponder ao Plan de Ordenación Cinexética do Tecor, pois tratase dunha mellora máis incluída neste. Non é aceptable que por Lei se estableza unha superficie mínima de vedado en todos os tecores, pois a realidade cinexética é moi diferente en cada un deles. Por outra parte, non é comprensible que as Explotacións Cinexéticas Comerciais non teñan a obriga de contar con vedados e os Tecores si. O mesmo sucede cos terreos libres que xestiona a Xunta de Galicia e nos que non se reserva unha porcentaxe destes como vedado de caza. Obrigar unicamente os Tecores a contar con vedados de caza, supón un trato claramente discriminatorio de cara esta figura de carácter societario.

---

### Artigo 32. Os terreos cinexéticos deportivos.

#### **Proponse a eliminación da Lei deste tipo de terreos.**

#### **Xustificación da proposta de modificación:**

Dende a promulgación da Lei 4/1997 de Caza de Galicia, non se declarou ningún terreo con esta figura. Se os propios cazadores que practican a faceta competitiva e deportiva da caza non encontraron neste tipo de terreos resposta ás súas necesidades, parece lóxico que se manteña por máis tempo na lexislación cinexética. Por outra banda resulta estrano que se pretenda eliminar a figura do “Tecor Societario de Titularidade compartida” dos que se hai vinte e dous declarados en toda Galicia, e por outra parte se queira manter esta figura que non se axusta á realidade cinexética de Galicia.

---

### Artigo 33. As explotacións cinexéticas comerciais.

#### **Onde di:**

1. Para os efectos da presente Lei, terán a consideración de explotacións cinexéticas comerciais aquelas que se constitúan por empresas mercantís para o aproveitamento cinexético duns terreos.

2. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor deberán sempre ser abertas.

3. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior poderán ser abertas ou cercadas.

**Debería dicir:**

1. Para os efectos da presente Lei, terán a consideración de explotacións cinexéticas comerciais aquelas que se constitúan por empresas mercantís para o aproveitamento cinexético duns terreos.
2. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor poderán ser abertas o cercadas, e cando non estean cercadas contarán cunha franxa de seguridade que as separará un mínimo de 500 do resto de terreos que as rodeen. A devandita franxa estará sinalizada interiormente da forma que regulamentariamente se determine, para os efectos de evitar que os cans dos cazadores que practiquen a caza comercial no seu interior poidan molestar ao resto de especies cinexéticas dos terreos que as rodeen.
3. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior deberán ser sempre cercadas, para impedir a saída das mesmas das especies cinexéticas de caza maior sobre as que se practique a súa caza, así como a entrada das especies cinexéticas de caza maior dos Tecores cos que limite.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Carece de sentido que se marquen limitacións de 500 metros ás zonas de adestramento de cans e de caza permanente dos Tecores, e non se faga o mesmo con este tipo de terreos. Por outra parte, é unha aberración cinexética que se permita a caza maior neste tipo de explotacións sen que estas contén con barreiras físicas que impidan a saída dos individuos fóra destas ou a entrada dende o exterior dos que habiten nos Tecores veciños. O risco que supón para a fauna que nunha explotación deste tipo se puidese chegar a introducir un exemplar enfermo, é suficiente motivo para obrigar a impoñer barreiras físicas que limiten o espazo material no que se encontre o animal enfermo.

---

**Artigo 34. Declaración dunha explotación cinexética comercial.**

**Onde di:**

5. A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cen hectáreas, se se dedican a caza menor, e de cincocentas hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

**Debería dicir:**

5. Cando os animais sobre os que se practique a caza procedan de granxas autorizadas, a superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cen hectáreas se se dedican a caza menor, e de cincocentas hectáreas se se dedican a caza maior. Para aquelas explotacións que practiquen exclusivamente a caza sobre especies silvestres, ou de forma simultánea sobre especies silvestres e procedentes de granxa autorizadas, a superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é sempre de dúas mil hectáreas, e independentemente de que se dediquen á caza menor ou á caza maior.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A declaración de Explotacións Cinexéticas Comerciais nas que se practique a caza sobre especies silvestres debe ter, como mínimo, as mesmas esixencias que se establecen para os Tecores. Pola contra estaríase a dar un trato discriminatorio para estes. Se se marca un mínimo de 2.000 Ha. para considerar un Tecor "cinexéticamente viable", non se pode rebaixar esa cifra para unha Explotación Cinexética Comercial que practica a caza sobre especies silvestres, os mesmos días

que o fan os Tecores e coas mesmas limitacións que se marcan para estes na Orde anual que regula os períodos de caza.

---

**Onde di:**

7. Os titulares das explotacións cinexéticas comerciais haberán de elaborar anualmente un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Regulamentariamente determinaranse o procedemento para a presentación e aprobación dos devanditos Plans.

**Debería dicir:**

7. Os titulares das explotacións cinexéticas comerciais haberán de elaborar anualmente un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Regulamentariamente determinaranse o procedemento para a presentación e aprobación dos devanditos Plans. Aquelas explotacións que practiquen exclusivamente a caza sobre especies silvestres, ou de forma simultánea sobre especies procedentes de granxa e especies silvestres, contarán tamén con un Plan de Ordeación Cinexética similar ao esixido aos Tecores.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A declaración de Explotacións Cinexéticas Comerciais nas que se practique a caza sobre especies silvestres debe ter, como mínimo, as mesmas esixencias que se establecen para os Tecores. Pola contra estaría a dar un trato discriminatorio para estes.

---

**Onde di:**

9. A caza poderá exercitarse sobre animais procedentes de granxas cinexéticas ou doutros establecementos autorizados, tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería competente en materia de caza.

**Debería dicir:**

9. A caza poderá exercitarse sobre animais silvestres, procedentes de granxas cinexéticas ou doutros establecementos autorizados, tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería competente en materia de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non existen motivos para incluír a posibilidade real de que a caza comercial se poida practicar neste tipo de explotacións, xa que na práctica se está a facer nas 21 que na actualidade están autorizadas en toda Galicia. Entendemos que a vontade do lexislador que redactou a Lei 4/1997 de caza de Galicia, que contén una redacción similar no su articulado, era a de excluír a caza sobre especies silvestres nas explotacións cinexéticas. Non obstante, a lectura literal deste, foi xustificación abondo para deixar aberta a porta a todo o contrario, é dicir, considerar como "excepcional" a caza non silvestre e "normal" a caza silvestre. Ao noso entender, non pode volver redactarse este da mesma forma.

---

### Artigo 35. Cercados.

**Onde di:**

#### Artigo 35. Cercados.

1. Enténdese por cercado, para os efectos desta lei, o terreo que se encontre rodeado materialmente por muros, cercas ou valados, construídos co fin de impedir ou prohibir, o acceso ás persoas ou a animais alleos ou para evitar a saída dos propios.
2. Os terreos cercados clasifícanse nas seguintes categorías:
  - a) Cercados Cinexéticos.
  - b) Zonas de Aclimatación.

**Debería dicir:**

#### Artigo 35. Cercados e zonas de aclimatación

1. Enténdese por cercado cinexético ou zonas de aclimatación, para os efectos desta lei, o terreo que se encontre rodeado materialmente por muros, cercas ou valados, construídos co fin de albergar exemplares para a repoboación ou impedir o tránsito das especies cinexéticas co único obxecto de servira para a súa repoboación.
2. Os terreos cercados clasifícanse nas seguintes categorías:
  - a) Cercados Cinexéticos.
  - b) Zonas de Aclimatación.

**Xustificación da proposta de modificación:**

O contido do punto un deste Artigo non concorda co que se dispón no punto dous, polo que se propón utilizar as categorías que se definen no segundo punto para os cercados cinexéticos e as zonas de aclimatación, como base para definir mellor o concepto de "cercado" que se pretende facer neste Artigo. De non o facer así, a redacción do punto un dará lugar a interpretacións subxectivas, posto que calquera terreo abandonado que teña un muro de pedra ao seu ao redor, poderá considerarse un "cercado".

---

### Artigo 38. As zonas de seguridade.

**Onde di:**

1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens.
2. Considéranse zonas de seguridade:
  - a) As marxes e zonas de servidume, que se encontren cercadas, das vías e camiños de uso público e as vías férreas, ampliados nunha franxa de cincuenta metros de ancho a ambos os dous lados do peche.
  - b) As demais vías de circulación de uso público e as vías férreas non cercadas ampliadas nunha franxa a ambos os dous lados de cincuenta metros dende o eixe da vía de circulación.
  - c) O dominio público marítimo-terrestre e o dominio hidráulico, incrementado este último nunha franxa de 5 metros en cada unha das súas marxes.
  - d) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas ampliado nunha franxa de cen metros en todas direccións.
  - e) Os perímetros das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais, ampliados nunha franxa de cen metros, en todas direccións.

f) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo titular da dirección xeral competente en materia de caza.

3. Non obstante o previsto no apartado anterior, o titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, con carácter excepcional, e logo de petición dos titulares cinexéticos interesados, poderá autorizar a caza nas marxes das vías e camiños de uso público, así como nas canles e marxes dos ríos, regueiros e canles que atravesen terreos cinexéticos ou constitúan o límite entre os mesmos, se as condicións das mesmas permiten o exercicio seguro da caza ou situar os postos para os zapeos, **ganchos** e montarías. A autorización entenderase concedida unha vez transcorran tres meses, dende que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano administrativo competente para resolver. Nos sendeiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé e ao uso agrícola ou forestal, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan. En todas as zonas de seguridade se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.

4. Nas resolucións que se diten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exercitar a caza baixo a responsabilidade dos titulares da autorización.

5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á Consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar. As devanditas zonas, en caso de ser declaradas así, deberán ser sinalizadas polo promotor, conforme se determine regulamentariamente.

#### **Debería dicir:**

1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens.

2. Considéranse zonas de seguridade:

a) As marxes e zonas de servidume, que se encontren cercadas, das estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais debidamente sinalizadas con indicación da titularidade e as vías férreas.

b) As estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais e debidamente sinalizadas con indicación da titularidade, ampliadas nunca franxa a ambos lados de cincuenta metros do eixo da vía de circulación. Non teran esta consideración as pistas resultantes de procesos de concentración parcelaria e aquelas outras cuxo fin principal sexa dar servizo agro-forestal, agás que estean asfaltadas e o seu fin sexa a comunicación principal entre dous ou máis núcleos de poboación.

c) O dominio público marítimo-terrestre.

d) O dominio hidráulico so cando as condicións das mesmas non permitan o exercicio seguro da caza. Esta cuestión desenrolarase regulamentariamente.

e) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas ampliado nunca franxa de cen metros en todas direccións.

f) Os perímetros das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais, ampliados nunha franxa de cen metros, en todas direccións.

g) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo titular da dirección xeral competente en materia de caza.

3. Non obstante o previsto nos apartados anteriores, o titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, con carácter excepcional, e logo de petición dos titulares cinexéticos interesados, poderá autorizar a caza. Esta cuestión desenrolarase regulamentariamente

En todas as zonas de seguridade prohibese circular con armas de caza cargadas ou usalas, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.

4. Nas resolucións que se diten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exercer a caza baixo a responsabilidade dos titulares da autorización.

5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á Consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar. As devanditas zonas, en caso de ser declaradas así, deberán ser sinalizadas polo promotor, conforme se determine regulamentariamente.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que a redacción que se propón é máis axeitada a realidade social de Galicia i, en particular ao exercicio da caza, en tanto en canto co nesta nova redacción evitárase que a maioría dos titulares de tecores teñan que facer unha solicitude concreta para definir nas zonas de seguridade nos eu ámbito territorial.

---

Artigo 39. As zonas de adestramento de cans.

**Onde di:**

1. Co fin de que os cans de caza poidan ser adestrados, nos Plans de Ordenación Cinexética poderán delimitarse as zonas, épocas e condicións en que se poderán levar a cabo a devandita actividade.

2. A zona terá unha axeitada e doada delimitación e quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade, e igualmente quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 500 m salvo que medie acordo entre os titulares dos TECOR lindantes.

3. As zonas de adestramento permanecerán vedadas durante a tempada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que o TECOR debe destinar a vedados de caza.

4. Non se poderá adestrar cans durante a época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres, tanto cinexéticas coma non cinexéticas, presentes, na zona. Estas épocas determinaranse regulamentariamente.

5. O adestramento de cans para a caza regularáse regulamentariamente.

**Debería dicir:**

1. Co fin de que os cans de caza poidan ser adestrados, nos Plans de Ordenación Cinexética poderán delimitarse as zonas, épocas e condicións en que se poderán levar a cabo a devandita actividade.

2. A zona terá unha axeitada e doada delimitación e quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 500 metros salvo que medie acordo entre os titulares dos terreos colindantes, que extreme cun cercado ou co curso dun río.

3. As zonas de adestramento permanecerán vedadas durante a tempada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que o TECOR debe destinar a vedados de caza.

4. Non se poderá adestrar cans durante a época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres, tanto cinexéticas coma non cinexéticas, presentes, na zona. Estas épocas determinaranse regulamentariamente.

5. O adestramento de cans para a caza regularáse regulamentariamente.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non ten senso afastar a distancia de seguridade se no adestramento de cans non se utilizan armas. Por outro lado os tecores non sempre limitan con outro tecor polo que entendemos que é mais correcto utilizar o termo “terreos colindantes” que o empregado polo anteproyecto “tecores colindantes”. Tamén entendemos que non ten

senso arredar 500 metros cando o terreo limita cun cercado ou cun río xa que estes impiden o paso normal dos animais cara os terreos colindantes o os dos colindantes cara estes.

---

#### Artigo 40. Zonas de caza permanente

##### **Onde di:**

1. Son zonas de caza permanente aquelas partes integradas dentro do territorio dun tecor, que se reserven para a caza durante todo o ano, con excepción dos tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido. Nestes espazos a caza realizarase sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas.
2. Estas zonas deberán cumprir cos seguintes requisitos:
  - a) Deberán situarse en lugares nos que non se poña en risco as poboacións de especies silvestres.
  - b) Estarán perfectamente sinalizadas e os seus contornos delimitados.
  - c) Gardarán unha distancia de 500 metros dos lindeiros do TECOR.
  - d) Deberá incluírse no plan de aproveitamento cinexético.

##### **Debería dicir:**

1. Son zonas de caza permanente aquelas partes integradas dentro do territorio dun tecor, que se reserven para a caza durante todo o ano. Nestes espazos a caza realizarase sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas.
2. Estas zonas deberán cumprir cos seguintes requisitos:
  - a) Estarán perfectamente sinalizadas e os seus contornos delimitados.
  - b) Gardarán unha distancia de 500 metros dos lindeiros do TECOR, salvo que medie acordo entre os titulares dos terreos colindantes ou que extreme cun cercado ou co curso dun río.
  - c) Deberá incluírse no plan de aproveitamento cinexético.

##### **Xustificación da proposta de modificación:**

Non se pode aplicar unha limitación de tres meses nos que non se poida practicar a caza nos devanditos terreos, pois se practica a caza sobre especies sementadas. Por outra parte, non se pode esixir que estean situadas en lugares nos que non se poña en risco as poboacións de especies silvestres, pois con esta limitación a Administración estaría a recoñecer implicitamente que os animais que se soltan nestas poder se un perigo para as especies silvestres. Se estes proceden de granxas autorizadas pola propia Administración, non poden existir este tipo de dúbidas. O cumpren coa lexislación correspondente ou non cumpren. Por outro lado os tecores non sempre limitan con outro tecor polo que entendemos que he mais correcto utilizar o termo “terreos lindantes” que o empregado polo anteproyecto “tecores colindantes”. Tamén entendemos que non ten senso separar 500 metros cando o terreo limita cun cercado ou cun río xa que estes impiden o paso normal dos animais cara os terreos colindantes o os dos colindantes cara estas.

---

#### Artigo 41. A sinalización dos espazos cinexéticos

##### **Onde di:**

1. Os titulares dos terreos cinexéticos sometidos a réxime especial están obrigados a sinalizar os seus límites, con carteis indicadores da súa condición cinexética, conforme ao que se determine regulamentariamente.
2. A Consellería competente en materia de caza está obrigada a sinalizar as zonas libres nas que estea permitida a caza.
3. Está prohibido destruír, alterar ou cambiar os sinais indicadores da condición cinexética dun terreo.
4. Regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos cinexéticos.

##### **Debería dicir:**

1. Os titulares dos terreos cinexéticos sometidos a réxime especial están obrigados a sinalizar os seus límites, con carteis indicadores da súa condición cinexética, conforme ao que se determine regulamentariamente.
2. A Consellería competente en materia de caza está obrigada a sinalizar as zonas libres nas que estea permitida a caza.
3. Regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos cinexéticos.
4. A Consellería estudará as posibilidades que ofrece a tecnoloxía actual no campo do uso de apartados de geolocalización (GPS), para desenvolver aplicacións informáticas que se poidan usar los cazadores en aparatos electrónicos autónomos, de forma que se poida prescindir no futuro do sistema actual de sinalización con sinais visuais.

##### **Xustificación da proposta de modificación:**

As consideracións sobre a prohibición de alterar ou destruír os sinais non corresponde a este apartado que fala da sinalización. Ao tratarse dunha prohibición, deberían estar nos artigos nos que se definen os tipos de faltas sancionables. Ademais propónse engadir un novo artigo no que se formula a necesidade de desenrolar outros sistemas para que os cazadores coñezan os límites dos Tecores, aproveitando a tecnoloxía actual que os aparatos GPS ofrecen á sociedade. O uso de aparatos GPS en vehículos e teléfonos é cada vez máis habitual, polo que é perfectamente viable formular esta posibilidade que evitaría a problemática dos roubos dos sinais e os posibles erros de situación destas. Por outra parte evitaríase o forte impacto visual que producen os sinais nos nosos montes e campos.

---

#### Artigo 42. A ordenación da caza.

##### **Onde di:**

1. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente un Plan de Ordenación Cinexético para un período mínimo de cinco anos redactado por técnico universitario competente, que, unha vez aprobado polo titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, se constituirá como norma de obrigado cumprimento, a partir da que se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xerais.
2. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente, dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses o comezo de cada tempada de caza, para a súa aprobación, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético que desenvolva as previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético para esa

tempada. O titular da dita xefatura territorial disporá dun prazo dun mes para aprobalo. En defecto de resolución expresa no prazo indicado, non se entenderá aprobado. Unha vez aprobado o Plan, será de obrigado cumprimento.

3. Os titulares de Explotacións Cinexéticas Comerciais deberán presentar obrigatoriamente, dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada, para a súa aprobación, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético, para a nova tempada, conforme ao disposto no artigo 34º. 7 da presente Lei. O titular da xefatura territorial correspondente disporá dun prazo dun mes para aprobalo. En defecto de resolución expresa no prazo indicado o plan non se entenderá aprobado. Unha vez aprobado o devandito Plan será de obrigado cumprimento.

**Debería dicir:**

1. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente un Plan de Ordenación Cinexético para un período mínimo de 10 anos e máximo de 25 anos, redactado por técnico universitario competente, que, unha vez aprobado polo titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, se constituirá como norma de obrigado cumprimento, a partir da que se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xerais.

2. As titulación dos técnicos universitarios competentes para redactar os Plans de Ordenación Cinexética determinaranse regulamentariamente, e deberán acreditar a súa titulación e habilitación profesional na xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza.

3. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente, dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses o comezo de cada tempada de caza, para a súa aprobación, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético que desenvolva as previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético para esa tempada. O titular da dita xefatura territorial disporá dun prazo dun mes para aprobalo. En defecto de resolución expresa no prazo indicado, non se entenderá aprobado. Unha vez aprobado o Plan, será de obrigado cumprimento, salvo que se produzan circunstancias excepcionais que obriguen a modificalos..

4. Os titulares de Explotacións Cinexéticas Comerciais deberán presentar obrigatoriamente, dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada, para a súa aprobación, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético, para a nova tempada, conforme ao disposto no artigo 34º. 7 da presente Lei. O titular da xefatura territorial correspondente disporá dun prazo dun mes para aprobalo. En defecto de resolución expresa no prazo indicado o plan non se entenderá aprobado. Unha vez aprobado o devandito Plan será de obrigado cumprimento.

5. Os titulares de Explotacións Cinexéticas Comerciais nas que se practique a caza sobre especies silvestres, ou simultaneamente sobre especies procedentes de granxas autorizadas e silvestres, deberán presentar un Plan de Ordenación Cinexética coas mesmas esixencias que se establecen nos puntos 1 e 2 deste artigo para os TECOR.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Débese establecer o período máximo de duración dos Plans de Ordenación Cinexética, por outra parte, é preciso determinar as titulacións que poden redactalos posto que dende que entrou en vigor a actual Lei 4/1997 existiu un baleiro neste aspecto que nin a Universidade nin a Administración puido solucionar. Ademais, debido a que na actualidade non é obrigatorio visar os Plans de Ordenación, é imprescindible que a Administración comprobe que a persoa que os asina conta coa

titulación que di e que está habilitado profesionalmente para desenvolver o seu traballo. Non establecer un sinxelo mecanismo de control sobre este importante aspecto, supón un desleixo administrativo que non se pode tolerar.

No que se refire ás explotacións cinexéticas comerciais que desenvolven a súa actividade sobre as especies silvestres, é preciso obrígalas a contar cun Plan de Ordenación Cinexética, similar ao que se esixe aos Tecores, ou pola contra encontrariámonos ante un caso evidente de discriminación negativa cara a estes últimos.

---

#### Artigo 44. Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

**Onde di:**

Artigo 44. Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

1. Regulamentariamente determinárase o contido mínimo do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

**Debería dicir:**

Artigo 44. Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

1. Regulamentariamente determinárase o contido mínimo do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético, que se plasmará nun mesmo documento para todos os Servizos Provinciais. Así mesmo, todos os impresos de autorizacións ou comunicación de resultados, estarán unificados.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É necesario incidir de novo na necesidade de que se unifiquen os procedementos administrativos dos servizos provinciais, para evitar que existan diferenzas nas esixencias administrativas aos cidadáns.

---

#### Artigo 45. Desenvolvemento e execución da ordenación.

**Onde di:**

1. Antes da data que regulamentariamente se estableza, os titulares dos TECOR deberán entregar á Consellería competente en materia de caza unha Memoria que conteña os datos relativos ao desenvolvemento e execución do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético e a súa adecuación ás previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético.

**Debería dicir:**

1. Antes da data que regulamentariamente se estableza, os titulares dos TECOR deberán entregar á Consellería competente en materia de caza unha Memoria que conteña os datos relativos ao desenvolvemento e execución do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético e a súa adecuación ás previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético, e que se plasmará nun mesmo documento para todos os Servizos Provinciais.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É necesario incidir de novo na necesidade de que se unifiquen os procedementos administrativos dos servizos provinciais, para evitar que existan diferenzas nas esixencias administrativas aos cidadáns.

#### Artigo 50. Licenzas. Vixencia e clases

**Onde di:**

6. Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza de Galicia as licenzas de caza ou os certificados de aptitude expedidos por calquera outra Comunidade Autónoma, así como a documentación de caza equivalente aos cazadores estranxeiros, nos termos en que regulamentariamente se determine.

**Debería dicir:**

6. Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza de Galicia as licenzas de caza ou os certificados de aptitude expedidos por calquera outra Comunidade Autónoma, así como a documentación de caza equivalente aos cazadores estranxeiros, nos termos en que regulamentariamente se determine. Impulsarase a creación dun sistema de Licenza Única de Caza a nivel estatal.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Aínda que no texto se recoñece implicitamente a intención de integrarse no sistema de Licenza Única de Caza que xa están a impulsar outras CC AA, é importante deixar constancia da decidida intención que Galicia ten de impulsar este proxecto tan beneficiosos para os cazadores españois.

---

**Onde di:**

7. Os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios non necesitarán licenza de caza nin seguro de responsabilidade civil.

**Debería dicir:**

7. Os acompañantes, olladores e secretarios non necesitarán licenza de caza nin seguro de responsabilidade civil.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É necesario realizar esta modificación para que non contradiga o texto do Artigo 57.3 que di: “Os que practiquen a caza con can, aínda que non porten armas ou outros medios para cazar, precisan estar en posesión da licenza de caza correspondente.”

---

**Propoñemos suprimir o seguinte punto:**

8. Cando un cazador participe en campionatos e probas oficiais, non necesitará licenza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Nos campionatos e probas oficiais practícase a caza na súa vertente deportiva e polo tanto, os cazadores deben contar coa correspondente licenza de caza. É un contrasentido que se inclúa este punto na nova Lei. Podería darse o caso de que un novo cazador non realizase o exame preceptivo para sacar a súa primeira licenza e desenvolvese toda a súa actividade cinexética en campionatos, de forma exclusiva, sen que en ningún momento ninguén comprobase os seus coñecementos en materia de caza e a súa lexislación. Por outra parte, se a intención do artigo é a de permitir aos cazadores foráneos participar nos campionatos que se celebren en Galicia, demóstrase unha vez máis a necesidade imperiosa de impulsar canto antes a integración de Galicia na Licenza Única de Caza, o que sen dúbida ningunha resolvería este problema.

---

**Proponse engadir un novo punto:**

9. Co obxecto de incentivar a incorporación de novos cazadores, aplicarase unha redución do 75% sobre a taxa da licenza de caza aos cazadores que non superen os 20 anos de idade.

10.O contido mínimo das Autorizacións para cazar no terreos cinexéticos sometidos a rexime cinético especial desenrolarase regulamentariamente,

**Xustificación da proposta de modificación:**

A incorporación de novos cazadores resulta fundamental para manter os niveis mínimos de xestión cinética nos terreos cinéticos de Galicia, pois de non se variar a tendencia actual na diminución progresiva do número de licenzas de caza, a Xunta de Galicia se verá obrigada a medio prazo a contratar servizos de cazadores profesionais para contratar as poboacións de determinadas especies cinéticas.

Ata a data os terreos cinéticos de reximen especial para o exercicio da caza nos seus terrenos expedían uns documentos que en demasiados casos se limitan o recibo de pago dunha cota económica, no mellor dos casos, co cal so se pode acreditar que a persoa por exemplo nos casos dos tecores sociais está o día no pago das cotas da súa sociedade sin que esa sociedade determine a que ten dereito ou a que se autoriza a esa persoa no exercicio da caza conforme o plan cinético e as normas internas de funcionamento dese plan cinético (no caso dos tecores sociais), por iso entendemos que é necesario desenrolar regulamentariamente o contido mínimo destes documentos para facilitar a labor dos axentes medioambientais e facilitar o mellor funcionamento interno dos tecores.

---

Artigo 53. Deberes do cazador.

**Propoñemos suprimir o artigo na súa totalidade.**

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non se pode incluír un artigo como este nunha Lei de Caza. O texto podería encaixar perfectamente nun manual de boas prácticas cinéticas, por exemplo. A súa aplicación efectiva sempre sería subxectiva, polo que non procede incluír un texto deste tipo na nova Lei.

---

Artigo 54. A responsabilidade dos cazadores.

**Onde di:**

3. O responsable da cazaría, con carácter xeral, responde do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente no que se refire á identificación e aptitude dos participantes, colocación dos cazadores nos seus postos e adopción das medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade.

**Debería dicir:**

3. O responsable da cazaría, con carácter xeral, responde do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente no que se refire á identificación e aptitude dos participantes, colocación dos cazadores nos seus postos e adopción das medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade. A devandita responsabilidade non será esixible ao responsable ou ao Tecor cando os participantes sexan os culpables do incumprimento das normas establecidas, por negligencia ou desobediencia das ordes do responsable da cazaría.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Resulta inxusto que o responsable da cazaría sufra unha sanción debida á propia negligencia dos cazadores que compoñen a partida de caza. O responsable asume unha responsabilidade en nome de todos, pero non por iso débese deixar caer sobre os seus ombreiros todo o peso das sancións que provoquen as accións realizadas polo grupo de cazadores.

---

Artigo 55. A responsabilidade patrimonial polos danos que causan as especies cinexéticas.

**Onde dí:**

1. A responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas que irrompen nas vías de circulación, rexerase polo disposto na lexislación de tráfico

**Debe dicir:**

1. A responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas que irrompen nas vías de circulación, rexerase polo disposto na lexislación de tráfico.

2. Aos efectos de precisar, no seu caso, a responsabilidade dos titulares dos aproveitamentos cinexéticos, e ata que non se proceda a revisión da disposición adicional novena da Lei 17/2005 de tráfico e seguridade vial enténdese por “consecuencia directa da acción de cazar” cando o sinistro sexa consecuencia dunha acción de caza colectiva, levada a cabo no mesmo día de producido aquel e sobre unha especie ou especies de caza maior.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A Lei 17/2005, de tráfico e seguridade vial, na súa disposición adicional novena, entre outras cousas, establece: “.... Os danos persoais e patrimoniais nestes sinistros, só serán exixibles aos titulares dos aproveitamentos cinexéticos ou, no seu defecto, aos propietarios dos terreos, cando o accidente sexa **consecuencia directa da acción de cazar**.”

Dende a entrada en vigor da Lei 6/2006, de reforma da Lei de caza de Galicia, que entre outras reformas incorporou á Lei 4/97 de Caza de Galicia o texto da disposición adicional novena da Lei 17/2005, de tráfico e seguridade vial a **casuística xudicial sobre o que debe interpretarse por “consecuencia directa da acción de cazar”** amosa unha falta de uniformidade de criterios entre os distintos xulgados de instancia e mesmo entre as distintas audiencias provinciais de Galicia, nunhas como a de Ourense considera que o sinistro é consecuencia directa da acción de cazar se se produce no mesmo día de celebración dunha acción colectiva de caza maior (gancho/montaría/batida), na Provincia de Lugo, algúns xulgados consideran que o sinistro é consecuencia directa dunha acción de cazar ata 48 horas despois de celebrarse a batida/gancho/montaría. Na Coruña, algúns xulgados manteñen o criterio da Audiencia Provincial de Ourense, pero hai outros que a consideran prolongable ao

día seguinte de celebradas as cacerías. Por último todos sabemos que na Provina de Pontevedra as cousas aínda están peor para os titulares dos aproveitamentos cinexéticos. Non esquezamos en ningún momento que isto que ven podíamos denominar **“arbitrariedade xudicial interpretativa” nos afecta de forma directa tanto aos titulares dos aproveitamentos cinexéticos, que somos en Galicia os tecores e a propia XUNTA DE GALICIA nos terreos de réxime cinexético, tecores autonómicos, reservas de caza, refuxos de fauna, etc., e, subsidiariamente os propietarios dos terreos dentro das que se declaren zonas de exclusión.** Xa que logo, esta arbitrariedade ou ambigüidade, se se quere, **NOS AFECTA A TODOS**, motivo de sobra suficiente para incorporar a engada que propoñemos, e facilitar así unhas pautas de interpretación que impidan o libre albedrío de interpretación polos distintos xulgados e audiencias provinciais de Galicia establecendo un criterio interpretativo que minimize a ambigüidade xudicial.

A medida que propomos, non só obedece a unha realidade social de Galicia constatada e que demanda unha aplicación uniforme da responsabilidade nestes sinistros, senon que tamén **está defendida i avalada polo Comité de Caza e Pesca** creado pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente na súa reunión do 2010, que formula unha proposta de nova redacción da Disposición Adicional Novena da Lei 17/2005, cuxo texto integro achegamos para o seu coñecemento e valoración complementaria do que aquí expoñemos. (VER ANEXO), En síntese a devandita proposta dí literalmente: “ A responsabilidade nos accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animais cinexéticos nas vías de circulación atribuirase conforme aos seguintes criterios:

**La responsabilidad en los accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animales cinegéticos en las vías de circulación se atribuirá conforme a los siguientes criterios:**

- 1. De los daños a personas y bienes producidos en accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animales cinegéticos en las vías de circulación, responderá el conductor del vehículo. No se podrá reclamar por el valor del animal que irrumpió en la vía.**
- 2. Los daños a personas y bienes producidos en accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animales cinegéticos en las vías de circulación, no serán exigibles a los titulares del aprovechamiento cinegético de los terrenos, o en caso de no existir estos titulares, a los participantes en la acción de caza, salvo que el siniestro sea consecuencia directa de una acción de caza colectiva, llevada a cabo el mismo día de producido aquél y sobre una especie de caza mayor.**
- 3. Podrá ser considerado responsable del accidente el titular de la vía pública cuando el siniestro ocurra por causa del mal estado de la misma, por su señalización defectuosa o cuando carezca de vallado en caso en que sea legalmente preceptivo. En todo caso, tanto la concurrencia de vegetación en la zona de dominio público de una vía, que pudiera influir la visión de la señalización o en la producción del siniestro, como la inexistencia de pasos de fauna en vías de vallado preceptivo, se entenderán como mal estado de la vía.**

As razóns que xustifican estes criterios, están perfectamente recollidas no texto da

proposta que achegamos e que non reproducimos para evitar reiteracións innecesarias. Dicar únicamente que si sabemos por donde van as líneas directrices para adaptarnos á normativa europea neste tipo de responsabilidade, sería algo lamentable que non se aproveite a nova lei de caza para alomenos de momento, e mentres non se proceda á revisión da citada disposición adicional novena, poñer coto a ambigüidade xudicial interpretativa do que debe entenderse por “consecuencia directa da acción de cazar”

---

**Onde di:**

2. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos (a) réxime cinexético especial, responderán polos danos que causan as especies cinexéticas, que procedan dos devanditos terreos.

3. A Consellería competente en materia de caza responderá polos danos agrarios causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos de aproveitamento cinexético común, TECOR autonómico da súa administración, reservas de caza, refuxos de fauna e calquera outro terreo nos que a administración e xestión correspondan á devandita consellería.

4. A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle son propias, constituirá un Fondo de Corresponsabilidade, para contribuír á prevención e a compensación dos danos que causen as especies cinexéticas nas explotacións agrarias. O devandito fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración Autonómica, provenientes das taxas que proceden da actividade cinexética.

**Debe dicir:**

2. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime cinexético especial, responderán polos danos que causan as especies cinexéticas nas explotacións agrarias que procedan dos devanditos terreos cando se neguen a realizar as batidas solicitadas polo titular da explotación e autorizada pola Administración.

3. A Consellería competente en materia de caza responderá polos danos nas explotacións agrarias causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos de aproveitamento cinexético común, TECOR autonómico da súa administración, reservas de caza, refuxos de fauna e calquera outro terreo nos que a administración e xestión correspondan á devandita consellería. En tanto en canto estes non estén cubertos polo seguro agrario combinado ou similar que deben concertar todas as explotacións agrarias.

4. A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle son propias, constituirá un Fondo de Corresponsabilidade, para contribuír á prevención e a compensación dos danos que causen as especies cinexéticas nas explotacións agrarias. Sexa cal sexa o titular do terreo. O devandito fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración Autonómica, así como das taxas provenientes da actividade cinexética.

5. Os titulares dos terreos que configuren unha zona de exclusión responderán polos danos nas explotacións agrarias causados polas especies cinexéticas procedentes dos devanditos terreos.

**Xustificación da proposta:**

UNITEGA, consciente da enorme transcendencia social que esta a acadar no momento actual a resolución deste problema, propón que se aborde o mesmo partindo dun principio básico esencial de considerar que as especies cinexéticas son bens de

interese social, que a súa vez forman parte do patrimonio natural dignos de protección e suxeitos a un aproveitamento ordenado establecido polas distintas administracións do Estado Español, sometido ás directivas da Unión Europea e incluso mundiais.

UNITEGA, tras constatar a incoherencia sobre a financiación e a finalidade do Fondo de Corresponsabilidade entre o que se di na Exposición de Motivos e o que se di ou, non se di, no Texto Articulado do Anteproxecto (art. 55. puntos 2/3/4), a estes efectos UNITEGA, non pode menos que estar de acordo cando na exposición de motivos se di: “Creáse unha figura nova, o Fondo de Corresponsabilidade, expresiva da solidariedade na repartición das cargas que se derivan da responsabilidade polos danos que causan as especies cinxéticas”. Ou cando expresa: “Os piares básicos nos que se fundamenta esta reforma: ....d) Unha distribución máis xusta da responsabilidade polos danos causados polas especies cinxéticas”.

UNITEGA, entende que no texto articulado do anteproxecto, artigo 55, puntos 2,3 e 4, esta repartición de cargas que se manifesta na Exposición de Motivos non se plasma no mesmo en tanto que os titulares dos tecos societarios tal e como esta redactado o artigo 55.2 impútaselle a mesma responsabilidade que a establecida na Lei 4/1997, sen que se vexan beneficiados para nada coa creación do Fondo de Corresponsabilidade . ¿ Dónde está pois o reparto de cargas? ¿Qué entende a Administración por unha distribución máis xusta da responsabilidade?. Acaso supón ámbalas-duas cousas, ou mellor, todo o contrario, habida conta de que con cargo ás taxas provenientes da actividade cinxética; é dicir dos tecos societarios se crea o Fondo de Corresponsabilidade para responder dos danos “nas explotacións agrarias” Isto é, naqueles terreos dos que a Xunta como titular debería responder de seu, do mesmo xeito como xa ocorre ao amparo da actual Lei 4/1997. Por todo o cal, UNITEGA, considera que o **texto articulado do artigo 55, puntos 2,3 e 4 tal e como está redactado ademais de incongruente coa Exposición de Motivos e gravoso e inadmisíbel para os tecos societarios. Emporiso amosamos a nosa oposición radical ao mesmo.**

Logo do exposto, UNITEGA, xustifica o texto alternativo nos seguintes criterios:

- 1º.- Non debemos esquecer o carácter de ben social e patrimonio natural das especies cinxéticas.
- 2º.- Tal e como quedou exposto anteriormente un dos piares básicos nos que se fundamenta esta reforma é a distribución máis xusta da responsabilidade por danos.
- 3º.- As cargas deben repartirse entre os tres sectores basicamente implicados: Administración (Xunta de Galicia), tecos societarios e titulares de explotacións agrarias. (Téñase en conta que na modificación proposta sempre falamos de danos nas explotacións agrarias, e non de danos agrarios ou simplemente danos, deste xeito estamos delimitando a responsabilidade exclusivamente aos titulares de explotacións agrarias, explotacións que por regra xeral constitúen o seu medio principal de vida; excluindo de esta continxencia aos xubilados, pensionistas, profesionais que si ben semantan cultivos agrícolas fanno en menor medida, e en ningún caso constitúen o seu medio principal de vida.

Entendemos que coa nova redacción se establece un reparto de cargas entre os tres sectores implicados, en tanto en canto que:

- a) Os titulares das explotacións agrarias, veñen obrigados a colaborar mediante a suscripción do seguro agrario combinado ou similar, **exhonerando de responsabilidade aos tecos e a Xunta ata donde alcance a cobertura do mesmo, que en ningún caso as empresas aseguradoras poderán repercutir contra os mesmos.**

- b) Os titulares de tecor societarios, contribúen as cargas mediante a **cofinanciación xusta i equitativa dos recursos necesarios para a provisión do Fondo de Corresponsabilidade con cargo as taxas provenientes da actividade cinexética e ademais coa obriga expresa de realizar as batidas que sexa necesario para minimizar os danos.**
  - c) Asemade, a Xunta de Galicia contribúe as cargas mediante a **cofinanciación xusta i equitativa dos recursos necesarios para a provisión do Fondo de Corresponsabilidade con fondos propios que a este fin destine a Consellería competente en materia de caza.**
  - d) Polo que respecta as “zonas de exclusión”, parece lóxico que sexan os seus titulares os que asuman a plena responsabilidade. Unitega, valora moi negativamente a creación desta figura, aínda que comprende o dereito dos titulares polo que deben autorizarse con todas as cauelas e coa maior rigurosidade, en tanto en cando, que si proliferan poden promover a inviabilidade cinexética de varias zonas de caza.
- 

#### Artigo 56. A seguridade nas cazarías

##### **Onde di:**

1. Sempre que se avisten persoas ou grupos de persoas alleos á cazaría que marchen en sentido contrario ou que exista perigo de que se crucen entre elas, será obrigatorio para todas descargar as súas armas cando se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte respecto ao outro grupo.

##### **Debería dicir:**

1. Sempre que se avisten persoas ou grupos de persoas alleos á cazaría que marchen en sentido contrario ou que exista perigo de que se crucen entre elas, será obrigatorio para todas descargar as súas armas cando se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte respecto ao outro grupo. Nas modalidades colectivas de caza maior que se organicen con notificación previa á Administración, os grupos de persoas alleos, sempre que non estean a realizar un aproveitamento agrícola ou forestal do terreo ou se dirixan á realización dos mesmos, terá a obriga de abandonar a zona onde se celebre a batida ou montaría unha vez sexan advertidos polos cazadores ou cando existan sinais que informen da celebración destas.

##### **Xustificación da proposta de modificación:**

É preciso establecer como prioritaria a execución das accións colectivas de caza maior fronte aos usos meramente recreativos dos terreos onde se celebren estas, pois contan cunha autorización previa da Administración medioambiental. Non podemos privar o desenvolvemento da actividade agraria dende ningún punto de vista.

---

##### **Onde di:**

3. Nas montaría e batidas colocaranse os postos de forma que queden sempre desenfilados ou protexidos dos disparos dos demais cazadores, procurando aproveitar, para tal efecto, os accidentes do terreo. En todo caso, cada cazador queda obrigado a establecer acordo visual e verbal cos máis próximos para sinalar a súa posición.

##### **Debería dicir:**

3. Nas montaría e batidas colocaranse os postos, sempre que o terreo o permita, de forma que queden sempre desenfilados ou protexidos dos disparos dos demais

cazadores, procurando aproveitar, para tal efecto, os accidentes do terreo. En todo caso, cada cazador queda obrigado a establecer comunicación visual o verbal cos máis próximos para sinalar a súa posición, para o que poderá utilizar emisoras, dispositivos móbiles ou calquera outro medio de comunicación autorizado..

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non sempre é posible encontrar postos desenfilados e protexidos nos montes de Galicia. Non parece moi lóxico que se obrigue os ofertantes a berrar para que os postos contiguos os escoiten, pois con iso se influirá nas querencias das pezas de caza que se dirixan cara aos postos.

---

**Onde di:**

6. Nas batidas, montarías e zapeos de raposo, todos os participantes deberán levar obrigatoriamente elementos reflectantes ou pezas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.

**Debería dicir:**

6. Nas batidas e montarías, todos os participantes deberán levar obrigatoriamente elementos reflectantes ou pezas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non parece moi lóxico obrigar os cazadores de caza menor a levar chalecos reflectantes.

---

**Onde di:**

8. Nas montarías e batidas será obrigatorio sinalizar os camiños, que se internen na zona onde se desenvolva a actividade, na forma en que se determine regulamentariamente.

**Debería dicir:**

8. Nas montarías será obrigatorio sinalizar as vías públicas, que se internen na zona onde se desenvolva a actividade, na forma en que se determine regulamentariamente.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non é viable en Galicia sinalizar os camiños das batidas, dado que se realizan con grupos máis reducidos de cazadores que as montarías.

---

**Artigo 57. Uso e tenza de cans de caza.**

**Onde di:**

1. Os donos de cans utilizados para a práctica da caza quedarán obrigados a cumprir as prescricións xerais que sobre tenza, matriculación e vacinación diten as autoridades competentes.

**Debería dicir:**

1. Os donos de cans utilizados para a práctica da caza quedarán obrigados a cumprir as prescricións xerais que sobre tenza, identificación e vacinación que diten as autoridades competentes.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que o termo “matriculación” no é o adecuado por eso propoñemos sustituílo por “identificación”.

---

**Onde di:**

2. A práctica da caza con axuda de cans só poderá realizarse en terreos onde por razón de época, especie e lugar estea o cazador facultado para facelo. Este será responsable das accións daqueles en canto se vulnere a presente Lei ou as normas que se diten para a súa aplicación; en todo caso evitará que danen ás crías ou aos niños.

**Debería dicir:**

2. A práctica da caza con axuda de cans, as accións preparatorias da caza, o adestramento de cans sen captura de pezas e o rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraelados só poderá realizarse en terreos onde por razón de época, especie e lugar estea o cazador facultado para facelo. Este será responsable das accións daqueles en canto se vulnere a presente Lei ou as normas que se diten para a súa aplicación.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Supremese “ en todo caso evitará que danen as crías ou aos niños” xa que redunda na vulneración da lei que se fai no párrafo anterior.

---

**Onde di:**

3. Os que practiquen a caza con can, aínda que non porten armas ou outros medios para cazar, precisan estar en posesión da licenza de caza correspondente.

**Debería dicir:**

3. Os que practiquen a caza con can, realicen accións preparatorias da caza, practiquen o adestramento de cans sen captura de pezas ou realicen rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraelados, aínda que non porten armas ou outros medios para cazar, precisan estar en posesión da licenza de caza correspondente.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que a nova redacción é máis correcta.

Ademais propónse recoller explicitamente nas modalidades de caza a caza a dente.

Este punto ademais contravén a redacción do artigo 50.7 Licencias, Vixencia e clases. xa que nel dise:

“7. Os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios non necesitarán licenza de caza nin seguro de responsabilidade civil.”

Por iso tamén pedimos se revise o 50.7

---

**Onde di:**

4. Para o emprego de rehalas será necesario estar en posesión de licenza expedida polo organismo competente; para tales efectos considerárase rehala toda agrupación composta entre 15 e 50 cans do mesmo propietario. O solicitante deberá acreditar previamente a posesión da correspondente autorización como núcleo zoolóxico. O

contido e modelo da licenza especial para rehalas establecerase mediante orde da Consellería competente en materia de caza.

**Debería dicir:**

4. Para o emprego de rehalas será necesario estar en posesión de licenza expedida polo organismo competente; para tales efectos considerárase rehala toda agrupación composta entre 15 e 25 cans do mesmo propietario. O contido e modelo da licenza especial para rehalas establecerase mediante orde da Consellería competente en materia de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non ten sentido no apartado 1 deste artigo 57 se diga que han de cumprir todas as prescricións sobre a tenza de cans e no catro se lle pida acreditar a posesión do núcleo zoolóxico cousa que por certo lle compete a consellería do medio rural non o departamento de caza. Pero e que ademais no parágrafo seguinte se redunda no contido do modelo de licenza especial de rehalas. Entendemos tamén que terá que ter a correspondente autorización de núcleo zoolóxico sempre e cando teña tódolos cans no mesmo lugar e non en pequenas cantidades repartidas por distintas propiedades xa que nese caso amparárase norma que mais lle conviñera conforme a legalidade vixente.

---

**Onde di:**

5. Os que transiten por terreos cinexéticos acompañados de cans baixo a súa custodia estarán obrigados a impedir que estes persigan ou danen ás pezas de caza, ás súas crías e aos niños. Cando os cans se afasten da persoa que vai ao seu coidado máis de 100 metros, en zonas abertas desprovistas de vexetación, aínda permanecendo á vista desta, ou máis de 50 metros, en zonas onde a vexetación existente sexa susceptible de ocultar ao animal do seu coidador, considerárase que os cans vagan fóra do control deste polo que será responsable da correspondente infracción, que terá distinta graduación segundo se produzan os feitos durante a tempada hábil de caza ou fóra dela.

**Debería dicir:**

5. Tódalas persoas que non estén cazando ou realizando accións preparatorias da caza con seus cans ou non practiquen o adestramento de cans sen captura de pezas ou non realicen rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atraelados, conforme o establecido nesta lei, e transiten por terreos cinexéticos acompañados de cans baixo a súa custodia estarán obrigados a impedir que estes danen ás pezas de caza, ás súas crías ou refuxios e zonas de cría das pezas de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que a nova redacción é menos confusa que a proposta no borrador.

---

Artigo 60. Municipións

**Onde di:**

4. Queda prohibida a tenza e o emprego de cartuchos con perdigóns de chumbo no exercicio da caza nas zonas húmidas, incluídas na Lista do Convenio de Ramsar relativo a humedais de importancia internacional.

**Debería dicir:**

4. Queda prohibida a tenza e o emprego de cartuchos con perdigóns de chumbo no exercicio da caza nas zonas húmidas incluídas na Resolución do 10 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (D.O.G. 201 do 16 de outubro do 2008).

**Xustificación da proposta de modificación:**

Ás zonas concretas afectadas por esta prohibición xa están perfectamente reguladas en Galicia, polo que non procede aplicar a Lista do Convenio de Ramsar.

---

**Onde di:**

5. Queda prohibido o abandono dos cartuchos baleiros, vaíñas ou calquera outro resto ou material utilizado durante a práctica da actividade cinexética, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.

**Debería dicir:**

5. Queda prohibido o abandono dos cartuchos baleiros e vainas, sempre e cando non sexan biodegradables.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Unha lei ten que ser precisa calquera outro residuo tamen pode ser o taco contendor dos perdigóns e é inviable recollelos. Por outra parte, é previsible que a medio prazo se empecen a substituír os actuais materiais sintéticos dos cartuchos por outros biodegradables, similares aos que xa se usan nas bolsas dos supermercados (fecula de pataca).

---

**Propomos suprimir o seguinte punto:**

7. Queda prohibido o uso de calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado con posterioridade á súa fabricación.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que esta limitación non corresponde a unha lei de caza senón de armas e municións, cuxa competencia corresponde ao Estado, polo que procede eliminar este punto.

---

**Propomos suprimir o seguinte parágrafo:**

Así mesmo, regulamentariamente especificaranse as medidas de seguridade que debe adoptarse no uso das armas de fogo na práctica da caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Xa existe un regulamento de armas que non hai motivo para duplicalo.

---

Artigo 62. Outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos.

**Onde di:**

2. Así mesmo, quedan prohibidos:

a) O emprego e tenza de todo tipo de gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, ou produtos para crear olor e os explosivos.

**Debería dicir:**

2. Así mesmo, quedan prohibidos:

a) O emprego e tenza de todo tipo de gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes e os explosivos.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Os repelentes e substancias olorosas poden ser utilizados na prevención dos danos na agricultura ou incluso nas repoboacións para evitar a presenza de especies predadoras.

---

**Onde di:**

2. Así mesmo, quedan prohibidos:

b) O emprego de reclamos de animais, vivos, mortos ou naturalizados, así como todo tipo de reclamos eléctricos, incluídas as gravacións sen autorización expresa ou en contra das disposicións establecidas nesta.

**Debería dicir:**

2. Así mesmo, quedan prohibidos:

b) O emprego de reclamos de animais, vivos, mortos ou naturalizados, así como todo tipo de reclamos eléctricos, incluídas as gravacións sen autorización expresa ou en contra das disposicións establecidas nesta, coa excepción dos reclamos manuais e bucais.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Preténdese evitar as interpretacións subxectivas que sobre os reclamos bucais e sonoros adoitan dar lugar a sancións por parte de determinados axentes da autoridade que interpretan que todos os reclamos, sexan do tipo que sexan, están prohibidos, cando en realidade non é así.

---

**Onde di:**

2. Así mesmo, quedan prohibidos:

j) Os cercados electrificados.

**Debería dicir:**

2. Así mesmo, quedan prohibidos:

j) Os cercados cinexéticos electrificados.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Da forma en que está redactado este apartado poderíase interpretar que os pastores eléctricos dos agricultores e gandeiros estarían prohibidos.

---

**Proponse engadir un novo punto:**

4. Regulamentariamente desenrolarase o catalogo de métodos selectivos e os requisitos para a súa tenza e utilización.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Dada a súa importancia, entendemos que precisa dun desenvolvemento completo no Regulamento

---

**Artigo 63. Protección e conservación das especies de caza.**

**Onde di:**

c) Cazar cando pola néboa, nevadas, fumes ou outras causas se reduza a visibilidade de forma que poida resultar perigoso para as persoas ou os seus bens. En todo caso, prohibese cazar cando a visibilidade sexa inferior a 250 metros.

**Debería dicir:**

c) Cazar cando pola néboa, nevadas, fumes ou outras causas se reduza a visibilidade de forma que poida resultar perigoso para as persoas ou os seus bens. En todo caso, prohibese a caza maior cando a visibilidade sexa inferior a 250 metros, e a caza menor cando a visibilidade sexa inferior a 125 metros.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É conveniente facer unha distinción nas distancias mínimas dos días de néboa, en función do tipo de caza que se practique.

---

**Onde di:**

i) Cazar crías ou as femias seguidas de crías.

**Debería dicir:**

i) Cazar crías ou as femias seguidas de crías, salvo que a Consellería competente en materia de caza así o autorice, logo de solicitude do titular do Tecor, e co obxectivo de reducir o tamaño das poboacións que ocasións danos á agricultura.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Esta limitación é anacrónica cos coñecementos actuais que se teñen en materia de xestión da fauna cinxética, posto que para reducir a incidencia dos danos agrícolas é preceptivo eliminar individuos das clases de idade máis baixas. Na actualidade hai situacións nas que é recomendable a caza das femias e das crías que as acompañan para reducir o tamaño das poboacións.

---

**Onde di:**

l) Cazar a cabalo, salvo no exercicio da cetraría.

**Debería dicir:**

l) Cazar a cabalo, salvo no exercicio da cetraría, con cans sen arma ou persoas con mobilidade reducida.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non ten senso permitir so esta posibilidade na cetraría.

---

**Onde di:**

3. Prohibese a manipulación xenética de especies cinxéticas destinadas para a súa liberación no medio natural, salvo autorización expresa do titular da dirección xeral competente en materia de caza.

**Debería dicir:**

3. Prohibese a manipulación genética e a liberación de híbridos de especies cinxéticas destinadas para a súa liberación no medio natural, salvo autorización expresa do titular da dirección xeral competente en materia de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que a nova a nova redacción e máis axeitada.

---

Artigo 65. Modalidades de Caza.

**Onde di:**

1.a. Montaría: consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por cazadores distribuídos en armadas e colocados en postos fixos. Neste caso os batedores só poderán portar armas brancas para o remate das pezas. O número de cazadores en postos será entre 20 e 50 e o de cans, ata 5 rehalas.

**Debería dicir:**

1.a. Montaría: consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por cazadores distribuídos en armadas e colocados en postos fixos. Os cazadores situados nos postos fixos non poderán moverse destes mentres dure a montaría. Neste caso os batedores só poderán portar armas brancas para o remate das pezas. O número de cazadores en postos será entre 20 e 150 e o de cans, ata 5 rehalas.

**Xustificación da proposta de modificación:**

É preciso puntualizar a obrigatoriedade de que os cazadores permanezan nos seus postos.

---

**Onde di:**

1.b. Batida: É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 en postos, que poden variarse durante o desenvolvemento da actividade. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por cazadores, no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polos cazadores da zona da batida con cans atraillados para localizar o encame das pezas considérase acción preparatoria da caza.

**Debería dicir:**

b. Batida: É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores para a caza maior ou de 6 cazadores para a caza do raposo, e un máximo de 30 en postos, que poden variarse durante o desenvolvemento da actividade. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por cazadores, no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polos cazadores da zona da batida con cans atraelados para localizar o encame das pezas considérase acción preparatoria da caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que con 6 cazadores resulta máis que suficiente para desenvolver con normalidade unha batida de raposo.

---

**Onde di:**

3. As modalidades autorizadas para a caza maior ou menor indistintamente son as seguintes:

a. Caza con arco: é a que se realiza con este método de captura. Só se permite esta modalidade de caza en terreos cinexéticos sometidos a réxime especial, que a inclúsen entre as modalidades de caza autorizadas.

**Debería dicir:**

3. As modalidades autorizadas para a caza maior ou menor indistintamente son as seguintes:

a. Caza con arco: é a que se realiza con este método de captura.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Carece de sentido que se prohiba a caza con arco nos terreos de réxime cinexético común.

---

**Proponse engadir una nova modalidade:**

g. Caza a dente: Esta é unha forma tradicional de caza sen armas, onde un grupo de cans busca e persegue as pezas (coellos) coa intención de darlle morte ou capturalos.

**Xustificación de inclusión da nova modalidade de caza:**

E unha modalidade tradicional de caza que non estaba recoñecida como tal na Lei do 1997 senón que normalmente se confundía con outras nas que utilizaba combinada con armas de fogo, sendo esta unha modalidade anterior incluso a utilización das mesmas con fins cinexéticos. Esta recoñecida como tal noutras comunidades como Canarias, Valencia ou Andalucía. Ademais a diferenciación desta modalidade de caza como tal serve para marcar a diferenza co adestramento de cans no que non se permite a captura das pezas. Tamén é importante potenciala para a recuperación de especies autóctonas de cans utilizadas tradicionalmente nesta modalidade, como o can guicho o quisquelo ou o pondeco galego como tamén se fai noutras Comunidades Autónomas, co podenco canario, o xanego valenciano, o podenco ibicenco, o podenco andaluz.

---

**Proponse engadir ademais.**

Modalidades tradicionais.

Entenderase como tal os procedementos de caza utilizados en Galicia, documentados antes da metade do século XX e usados ininterrompidamente. Estas modalidades de caza tradicionais na comunidade Autónoma serán obxecto de especial regulación e protección administrativa.

**Xustificación da proposta:**

O igual que a cetrería foi declarado un Patrimonio Inmaterial da Humanidade entendemos que hai modalidades que nos son propias que deben ser obxecto dun especial recoñecemento e protección como valores propios da nosa comunidade.

---

Artigo 66. Competicións cinexéticas

**Onde di:**

1. Teñen a consideración de competicións cinexéticas as probas cualificadas como tales pola Federación Galega de Caza, cuxa práctica haberá de ser conforme ás disposicións da presente Lei e as súas normas de desenvolvemento.

**Debería dicir:**

1. Teñen a consideración de competicións cinexéticas as probas cualificadas como tales polas Federacións deportivas e Asociacións, cuxa práctica haberá de ser conforme ás disposicións da presente Lei e as súas normas de desenvolvemento.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Débese deixar aberto este apartado a todas as Federacións ou Asociacións que queiran organizar competicións ou campionatos con ou se morte. Non se pode incluír un artigo na Lexislación no que se estableza un dereito para unha persoa xurídica concreta.

---

**Propoñemos suprimir o seguinte punto:**

3. Con carácter especial os órganos citados no apartado anterior poderá autorizar competicións fóra do período hábil de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A caza debe estar sempre por enriba da súa práctica deportiva. Se se permite realizar un campionato fóra dos días hábiles de caza, non habería motivos para facer o mesmo con toda a caza por danos. Carece de sentido este punto, polo que se debe suprimir.

---

Artigo 67. A caza con fins científicos.

**Onde di:**

Artigo 67. A caza con fins científicos.

1. Cando existan razóns de orde técnica ou científico que o aconsellen, o titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza poderá capturar ou autorizar a captura de determinados exemplares da fauna cinexética.

**Debería dicir:**

Artigo 67. A caza con fins científicos e formativos.

1. Cando existan razóns de orde técnica ou científico que o aconsellen, o titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza poderá capturar ou autorizar a captura de determinados exemplares da fauna cinexética. Tamén se poderá autorizar a captura de exemplares da fauna cinexética fóra das súas épocas de caza para realizar accións formativas dirixidas aos cazadores.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A formación dos cazadores no manexo das pezas cazadas, esixe a realización de demostracións prácticas de como se deben tratar as canais despois do lance cinexético, polo que é importante dar as maiores facilidades posibles para que se poida contar con exemplares recién cazados.

---

Artigo 70. As entidades colaboradoras.

**Onde di:**

1. Consideraranse entidades colaboradoras aquelas que realicen accións en favor da riqueza cinexética, a conservación das especies e o seu hábitat e o seu ordenado

aproveitamento, ademais ou indistintamente das que lles correspondan, se é o caso, como titulares de terreos de réxime cinexético especial.

**Propoñemos:**

1. Consideraranse entidades colaboradoras aquelas que realicen accións en favor da riqueza cinexética, a conservación das especies e o seu hábitat e o seu ordenado aproveitamento, ademais ou indistintamente das que lles correspondan, se é o caso, como titulares de terreos de réxime cinexético especial. Terán tamén esta condición as Entidades de cazadores, que desenvolvan programas con accións de custodia do territorio e do Patrimonio Natural Cinexético, no territorio Galego, e que estean recoñecidas como entidades de custodia pola Administración competente.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A custodia do territorio é unha ferramenta de conservación que se encontra en pleno proceso de implantación en todo o territorio español, polo que se debe recoñecer o labor de conservación que realizan as entidades que o fan co Patrimonio Natural Cinexético.

---

Artigo 71. Os órganos consultivos e asesores.

**Onde di:**

3. A composición dos comités de caza, incluírá no seu ámbito unha representación ampla das entidades relacionadas co mundo da caza e das administracións públicas.

**Propoñemos:**

3. A composición dos comités de caza, incluírá no seu ámbito unha representación ampla das entidades relacionadas co mundo da caza e das administracións públicas, garantindo unha representación equitativa das entidades que representan á caza social, comercial e deportiva.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Na actualidade a caza comercial e a caza social teñen a mesma porcentaxe de representación nos comités que as asociacións ecoloxistas, polo que non parece moi lóxico que isto permaneza así, tendo en conta a realidade cinexética de Galicia.

---

Artigo 75. Comisos.

**Onde di:**

2. As pezas capturadas que se encontren vivas e con posibilidade de seguir vivindo serán postas en liberdade e devoltas ao seu medio natural unha vez adoptadas as medidas necesarias para a súa correcta identificación, se iso fose preciso. Ás pezas que estiveran feridas proporcionaráselles os coidados necesarios para a súa recuperación. Os exemplares mortos serán entregados en centros de beneficencia.

**Debería dicir:**

2. As pezas capturadas que se encontren vivas e con posibilidade de seguir vivindo serán postas en liberdade e devoltas ao seu medio natural unha vez adoptadas as medidas necesarias para a súa correcta identificación, se iso fose preciso. Ás pezas que estiveran feridas proporcionaráselles os coidados necesarios para a súa recuperación.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Se os exemplares están mortos ninñey dguen ten que beneficiarse da súa morte ou do contrario poden xerarse intereses entorno os comisos ou algún complexo de benefactor por parte do axente que realiza os comisos. Por exemplo cando un veterinario da xunta decomisa un animal este é eliminado sen miramentos inda que fose apto para o seu consumo.

---

**Propoñemos eliminar o seguinte punto:**

3. Cando se trate de cans ou aves de cetraría vivos cuxa tenza estivese autorizada, o axente da autoridade interviniente poderá proceder ao seu comiso e posterior traslado a un centro zoolóxico.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Os animais non teñen culpa do que fagan o seus donos e o separalos deles pode supoñer un serio trauma para eles.

---

Artigo 77. Infraccións leves

**Onde di:**

20. Abandonar os cartuchos baleiros, vaíñas, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinxéticas.

**Propoñemos:**

20. Abandonar os cartuchos baleiros, vaíñas, sempre e cando non sexan biodegradables.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Unha lei ten que ser precisa calquera outro residuo tamen pode ser o taco contendor dos perdigons e é inviable recollelos. Tamén calqueira outro residuo ou material podería ser facer as nosas necesidades no monte e limparnos con papel ou a pel dunha laraxa que nos comamos. Por outra parte, é previsible que a medio prazo se empecen a substituír os actuais materiais sintéticos dos cartuchos por outros biodegradables, similares aos que xa se usan nas bolsas dos supermercados (fecula de pataca)

---

Artigo 78. Infraccións graves

**Propoñemos eliminar o seguinte punto:**

10. Transportar en calquera medio de transporte armas descargadas e desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día inhábil de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Esto xa está regulado no regulamento de armas e ademais tal e como está redactado non se podería levar as armas nen o armerio nen cando mudemos de domicilio xa que o 80% do territorio galego é terreo cinxético. “Calquera outro medio” tamen poderían ser os cans, e un termo demasiado impreciso.

---

**Onde di:**

22. Non sinalizar debidamente os terreos cinexéticos, cando unha resolución administrativa impoña a súa obrigatoriedade.

**Propoñemos:**

Que se considere unha falta leve e non grave.

**Xustificación da proposta de modificación:**

En todo caso, o que se debería sancionar como falta grave é a falta reiterada de sinalización, posto que é habitual que se sufran roubos de sinais e que estas teñan que ser repostas polos titulares cinexéticos.

---

**Onde di:**

23. Non poñer en coñecemento da autoridade administrativa competente os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias ou envelenamentos que coñeza e afecten á fauna existente nestes, ou incumplir as medidas que se diten para a súa prevención ou erradicación.

**Debería dicir:**

23. Non poñer en coñecemento da autoridade administrativa competente os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias non recurrentes ou envelenamentos que coñeza e afecten á fauna existente nestes, ou incumplir as medidas que se diten para a súa prevención ou erradicación.

**Xustificación da proposta de modificación:**

As enfermidades que sofre o coello todos os anos débense excluír deste punto.

---

Artigo 79. Infraccións moi graves

**Onde di:**

4. Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, ou produtos para crear olor e os explosivos.

**Propoñemos:**

4. Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes e os explosivos.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Os repelentes e sustancias olorosas poden ser utilizados na prevención dos danos na agricultura ou incluso nas repoboacións para evitar a presenza de especies predadoras.

---

**Onde di:**

6. Abater animais domésticos, sen a debida autorización.

**Propoñemos:**

Que se considere unha falta grave e non moi grave.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Resulta desproporcionada a sanción que lle corresponde.

---

**Onde di:**

13. Agredir ou ameazar aos axentes da autoridade cando se encontren no exercicio das súas funcións.

**Propoñemos:**

Suprimir este apartado.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Agredir ou ameazar os axentes é delito ou falta e non ten encaixe nas sancións administrativas.

---

Artigo 80. Prescripción das infraccións

**Onde di:**

1.As infraccións previstas nesta Lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Ao ano as infraccións leves
- b) Aos tres anos as infraccións graves
- c) Aos cinco anos as infraccións moi graves

**Debería dicir:**

1. As infraccións previstas nesta Lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) Aos seis meses as infraccións leves
- b) Ao ano as infraccións graves
- c) Aos dous anos as infraccións moi graves

**Xustificación da proposta de modificación:**

A xuízo de UNITEGA, non hai nada que xustifique, a ampliación dos prazos de prescripción que actualmente se establecen no artigo 60 da vixente Lei 4/1997 de Caza de Galicia, agás que os redactores do Anteproxecto consideren que as persoas que nos adicamos á actividade cinexética sexamos a escoria da Sociedade, ou ben uns persoeiros indesexables. Noutro caso ¿cómo se xustifica? esta ampliación de prazos de prescripción das infraccións administrativas cando os previstos para o mesmo tipo de infraccións na maioría de procedementos administrativos sancionadores son os mesmos ou similares que os establecidos no citado artigo 60 da Lei 4/1997. Por exemplo no artigo 97 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; no artigo 81 da Lei 17/2005 de tráfico e seguridade vial ou, entre outras, no artigo 132 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e mesmo na maioría das leis que regulan a caza noutras comunidades autónomas (VG Artigo 68 da Lei 6/2006, de 12 de abril Balear de Caza e Pesca Fluvial. Consideramos que esta ampliación de prazos e de todo punto inxusta, discriminatoria e contraria ao dereito comparado de outros procedementos.

---

#### Artigo 81. Sancións aplicables.

**Onde di:**

1. As infraccións tipificadas na presente Lei poderán ser sancionadas polas autoridades competentes coas sancións seguintes:

a) Multa de 100 a 600 euros para as infraccións leves.

**Propoñemos:**

1. As infraccións tipificadas na presente Lei poderán ser sancionadas polas autoridades competentes coas sancións seguintes:

a) Multa de 60 a 600 euros para as infraccións leves.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Propoñemos que se manteñan as mesmas cantidades que xa están reguladas na actual Lei 4/1997 de caza de Galicia, posto que consideramos que son suficientes e non é preciso amplialas no caso do mínimo establecido para as faltas leves

---

**Onde di:**

2. Así mesmo, a comisión das infraccións tipificadas nesta lei poderá dar lugar ás seguintes sancións non pecuniarias:

**Debería dicir:**

2. Así mesmo, a comisión das infraccións tipificadas nesta lei poderá, nos casos de maior gravidade, dar lugar ás seguintes sancións non pecuniarias:

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que é importante deixar claro que este tipo de sancións se aplicarán aos casos de maior gravidade.

---

#### Artigo 84. Prescrición das sancións.

**Onde di:**

1. As sancións previstas na presente Lei prescribirán nos seguintes prazos:

a) Ao ano as impostas por infracción leves.

b) Aos tres anos as impostas por infracción graves.

c) Aos cinco anos as que se impoñan por infracción moi graves.

**Debe dicir:**

1 As sancións previstas na presente Lei prescribirán nos seguintes prazos:

d) Ao ano as impostas por infracción leves.

e) Aos dous anos as impostas por infracción graves.

f) Aos tres anos as que se impoñan por infracción moi graves.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A xustificación é similar a aplicada para a modificación do artigo 81 esencialmente. Nada xustifica a xuízo de Unitega unha modificación dos prazos que se establecen no artigo 71.1 da vixente Lei de Caza 4/1997, e concordantes da Lei 30/1992, Lei 17/2005, etc. que se consideran máis que suficientes para resolver os pertinentes procedementos sancionadores.

---

Disposición adicional primeira. Procedementos de ampliación e segregación.

**Onde di:**

Os procedementos de ampliación e segregación dos terreos cinexéticos serán tramitados e resoltos nas xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de caza.

**Debería dicir:**

Os procedementos de ampliación e segregación dos terreos cinexéticos serán tramitados e resoltos nas xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de caza. Estableceranse os devanditos procedementos regulamentariamente.

**Xustificación da proposta de modificación:**

A tramitación dos procedementos nos Servizos Provinciais supoñerá un recorte importante no tempo necesario para tramitalos. Non obstante, é preceptivo establecer con detalle o procedemento administrativo que se debe seguir, para os efectos de evitar que cada Servizo Provincial aplique os seus procedementos propios.

---

Disposición adicional segunda

**Onde di:**

Exclúese do ámbito competencial desta lei a actividade de control de especies daniñas, aínda cando se utilizase medios ou procedementos cinexéticos a tal fin.

**Debería dicir:**

Autorízase a caza de especies exóticas invasoras, co fin de colaborar na súa posible erradicación, nos periodos autorizados de caza.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Entendemos que esta disposición non se corresponde coa vixente lexislación relativa ao control de especies exóticas e invasoras.

---

Disposición adicional terceira. Actualización do importe das multas pecuniarias.

**Propónse a eliminación deste disposición.**

**Xustificación da proposta de modificación:**

Na actualidade o índice de prezos ao consumo non é un referente da realidade económica de Galicia, polo que non procede utilizalo. Propoñemos que se establezan como fixos os importes das multas.

---

Disposición transitoria primeira. Explotacións cinexéticas comerciais.

**Onde di:**

As explotacións cinexéticas comerciais aprobadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei non se verán afectadas pola limitación territorial establecida no artigo 34.5.

**Debería dicir:**

As explotacións cinexéticas comerciais aprobadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberán adaptarse no período máximo de cinco anos á limitación territorial establecida no artigo 34.5.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non parece lóxico modificar os mínimos superficiais esixidos ás explotacións cinexéticas para dar a prevenda de non os ter que cumprir nunca ás que xa estaban constituídas. En todo caso parece lóxico que se estableza un prazo de tempo razoable para que se poidan adaptar á nova realidade lexislativa.

---

Disposición transitoria segunda. Os TECOR de titularidade compartida.

**Onde di:**

Os TECOR que utilizaron a fórmula prevista na disposición transitoria 2ª, 4) da lei 4/1997 de Galicia, para constituírse en TECOR de titularidade compartida, seralles de aplicación o mesmo réxime xurídico, no que foron creados, en tanto se mantéñan nesa mesma situación.

**Debería dicir:**

Os TECOR que utilizaron a fórmula prevista na disposición transitoria 2ª, 4) da lei 4/1997 de Galicia, para constituírse en TECOR de titularidade compartida, seralles de aplicación o mesmo réxime xurídico, no que foron creados durante un período máximo de cinco anos, para os efectos de que poidan fusionarse entre eles ou integrarse noutros Tecores. Transcorrido ese período perderán a súa condición de Tecores.

**Xustificación da proposta de modificación:**

Non se pode eliminar esta figura da nova Lei e dar como solución para os tecores de titularidade compartida existentes que manteñan a súa condición de forma indefinida, posto que supoñería un agravio comparativo cos Tecores que non son de titularidade compartida. A Lei debe ser xusta e equitativa para todos, polo que non se pode admitir un trato diferencial para aqueles que non cumpriron no seu día a condición de contar cunha mínimo de 2000 hectáreas para decláralos como Tecor.

---

## **PROPOSTA DE INCLUSION DE NOVOS ARTIGOS:**

### **Artigo 92. Titularidade**

Os dereitos e obrigas establecidos na presente Lei, en canto se relacionan cos terreos cinexéticos, corresponderán aos propietarios ou, no seu caso, aos titulares doutros dereitos reais ou persoais que leven consigo o uso e desfrute do aproveitamento da caza.

### **Xustificación da proposta de inclusión:**

Trátase dun artigo da Lei 4/1997, e que entendemos debe seguir nesta nova Lei.

---

### **Artigo 93. Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais**

1. A Consellería competente en materia de caza elaborará os Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais de Galicia.

2. A Consellería competente en materia de caza xerará e actualizará de oficio a cartografía dos terreos libres e garantirá o acceso a esta aos cazadores.

3. O contido mínimo dos Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais, será o seguinte:

1. Especies cinexéticas
2. Calendario de caza
3. Días hábiles
4. Limitacións horarias, se é o caso
5. Límite máximo de capturas
6. Modalidades de caza
7. Plan de melloras cinexéticas
8. Plan de prevención de sinistros e danos á agricultura

4. A Consellería competente en materia de caza vixiará a actividade cinexética, fará un seguimento e xestionará administrativamente a aplicación dos Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais.

### **Xustificación da proposta de inclusión:**

Parece lóxico que os terreos libres contén cun instrumento de xestión similar ao que se esixe aos Tecores.

---

### **Artigo 94. Sociedades de cazadores.**

1. Os cazadores poderán constituírse libremente en sociedades de cazadores co fin de practicar o exercicio da caza e participar na súa administración.

2. Son sociedades de cazadores para os efectos da presente Lei, as asociacións ou agrupacións con personalidade xurídica propia, integradas por persoas físicas.

3. Estas sociedades deberán inscribirse no Rexistro de Entidades de Caza que aos efectos se cree na Administración competente en materia de caza.

4. Regulamentariamente fixénsense as condicións para a súa fundación e o contido mínimo dos estatutos.

5. A inscrición no Rexistro de Entidades de Caza de cazadores comportará, para os efectos desta, o seu recoñecemento legal, sendo requisito imprescindible para que a Administración, con competencias en materia de caza, poida outorgarlles a condición de entidade colaboradora e para optar ás subvencións oficiais para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa xestión de espazos e especies cinexéticas.
6. A inscrición no Rexistro de Entidades de Caza non validará os actos que sexan nulos nin os datos que sexan incorrectos de acordo coas leis, tivesen efectuado.
7. Regulamentariamente determinarase a estrutura, funcións e réxime de funcionamento, así como o sistema de comunicación das inscricións e cancelacións das sociedades de cazadores.
8. As sociedades de caza colaboradoras gozarán de preferencia na concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa xestión de espazos e especies cinexéticas.

#### **Xustificación da proposta de inclusión:**

Con este artigo recoñeceríase aos cazadores a preservación do Patrimonio natural Cinexético que realizan coa propia actividade, os plans de ordenación dos tecores e as melloras ambientais que realizan. Ademais fiscalizaríase e controlaría mellor dende o departamento de medio rural as actuacións dos TECORES nos terreos da súa responsabilidade estando en consonancia cos fins da propia Lei de Caza "protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados".

No mesmo sentido, se daría cumprimento a obxecto da Lei 42/ 2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade "Esta Lei establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade, como parte do deber de conservar e do dereito a gozar dun medio axeitado para o desenvolvemento da persoa, establecido no artigo 45.2 da Constitución. " Intimamente ligada á Lei 45/2007 de Desenvolvemento Rural Sostible "Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible cun desenvolvemento sostible".

Por outra parte, daríase formalidade ao que xa fan as sociedades de cazadores como entidades de custodia do patrimonio natural cinexético plasmado en Real Decreto 1274/2011, do 16 de setembro, polo que se aproba o Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade 2011-2017, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade:

Dentro do obxectivo 2.5, Meta 2 de protección das especies de fauna autóctona, destaca o: "Impulsar o papel de entidades de caza e pesca na custodia do territorio e a protección do patrimonio cinexético e piscícola español.

Así mesmo é de destacar o papel que dá, con toda unha Meta (5) para iso dentro do Plan, a promover a participación da sociedade na conservación da biodiversidade e fomentar a súa concienciación e compromiso, coa creación dun "Rexistro de Entidades de Custodia" (tipoloxía, condicións, acordos, e formas de xestión) como indicador, coa finalidade de promover a custodia do territorio para a conservación da biodiversidade.

---

#### **Artigo 95. Protección das especies cinexéticas**

1. A introdución de especies ou subespecies cinexéticas estará sometida a autorización expresa da administración competente en materia de caza.
2. Queda prohibida a introdución de especies ou subespecies de caza que poidan desprazar ou competir polo hábitat coas especies silvestres naturais, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.

3. O órgano competente en materia de caza determinará regulamentariamente as especies ou subespecies susceptibles de introdución, reintrodución ou reforzamento, así como a forma de acreditar, que os exemplares a introducir non alteren a pureza xenética das especies autóctonas.
4. O órgano competente en materia de caza establecerá regulamentariamente as condicións e requisitos para cualificar a pureza xenética das especies de caza existentes nos terreos cinexéticos de Galicia.

**Xustificación da proposta de inclusión:**

É necesario establecer medidas claras que salvagarden a riqueza xenética das especies que integran o Patrimonio Natural Cinexético de Galicia.

---

# ANEXO

## PROPUESTA DE REVISIÓN DEL RÉGIMEN DE RESPONSABILIDAD DE LOS ESPACIOS CINEGÉTICOS EN RELACIÓN A LOS ACCIDENTES EN LAS VÍAS DE CIRCULACIÓN OCASIONADOS POR IRRUPCIONES O ATROPELLOS DE FAUNA CINEGÉTICA

### 1. Antecedentes

Se estima entre 15 y 20 mil el número de accidentes en las vías de circulación ocasionados por irrupciones o atropellos de fauna silvestre. En Francia rondan los 100.000 atropellos anuales y en Alemania se cuadruplica esta cantidad. Por ello los accidentes en las vías de circulación constituyen uno de los principales problemas que afectan a la situación de la gestión de las especies cinegéticas en nuestro país. Al respecto la legislación especial estatal de aplicación en estos casos es la ley de Caza de 1970, que en su art. 33. 1. señala que:

*“Los Titulares de aprovechamientos cinegéticos, definidos en el art. 6º de esta Ley, serán responsables de los daños originados por las piezas de caza procedentes de los terrenos acotados. Subsidiariamente serán responsables los propietarios de los terrenos.”;*

y la Ley 17/2005, de seguridad vial que en su disposición adicional novena apartado vigésimo, denominada: “Responsabilidad en accidentes de tráfico por atropellos de especies cinegéticas”, que establece que:

*“En accidentes de tráfico ocasionados por atropello de especies cinegéticas será responsable el conductor del vehículo cuando se le pueda imputar incumplimiento de las normas de circulación. Los daños personales y patrimoniales en estos siniestros, sólo serán exigibles a los titulares de aprovechamientos cinegéticos o, en su defecto, a los propietarios de los terrenos, cuando el accidente sea consecuencia directa de la acción de cazar o de una falta de diligencia en la conservación del terreno acotado. También podrá ser responsable el titular de la vía pública en la que se produce el accidente como consecuencia de su responsabilidad en el estado de conservación de la misma y en su señalización.”*

Es decir, con carácter general, por la Ley de 1970 se imputa una responsabilidad objetiva del accidente al titular del espacio cinegético colindante con el lugar del accidente, que debe responder de los daños producidos en el vehículo por el accidente con el animal. Sin embargo, hay que tener en cuenta que la Ley de caza no pretendió regular los accidentes en las vías de circulación por irrupción de la fauna

cinagética al ser prácticamente inexistentes al tiempo de su publicación, y que la aparición y proliferación de estos accidentes se ha debido, por una parte, al aumento de la densidad de estas especies de fauna; y por otra, a la mejora de las vías de circulación que atraviesan las zonas rurales, donde más abundan estas especies, que permite desplazamientos más rápidos de los vehículos.

La disposición adicional 9ª de la Ley 17/2005 pretendía solucionar esta problemática. Sin embargo, en la práctica, desde su entrada en vigor, se ha generado multitud de jurisprudencia, frecuentemente contradictoria, que evidencia la dificultad de interpretación de la misma por parte de estamento judicial. Así, las audiencias provinciales y los tribunales superiores de justicia de cada comunidad autónoma han venido actuando con diferentes criterios sobre que parte pesa el deber de la carga probatoria (que es quién hasta ahora inexorablemente pierde todos los pleitos). Por una parte, si la carga probatoria le corresponde al conductor, este debe de demostrar la falta de diligencia del espacio cinagético o la coincidencia con una acción de cazar, cuestiones difícilmente demostrables; y por otra parte, si la carga probatoria le corresponde al titular del espacio cinagético, este debe de demostrar la negligencia del conductor, de un accidente del que suele tener notificación pasados meses del suceso dado que muy infrecuentemente se le suele comunicar el atestado, y por ello debe demostrar que el conductor iba a una velocidad excesiva a lo que le permite la visibilidad según el Código de circulación; cuestión también casi imposible de demostrar para el titular del espacio cinagético.

Además, como los Tribunales de Justicia mantienen el criterio de aplicación de resarcimiento del daño subsidiariamente cuando la Administración actúa de manera reglada, ello está suponiendo unas condenas con indemnización de daños muy gravosas y de cuantía creciente para los presupuestos de medio ambiente de las Comunidades autónomas. Se estima un montante anual de varios millones de euros.

En resumen, esta situación derivada de la existencia de discordancias en las disposiciones estatales en la materia, en concreto de la Ley de caza de 1970 y Ley de Seguridad Vial, y en los regímenes de responsabilidad y sus condiciones de aplicación establecidos por las CCAA en sus respectivas leyes de caza. Esta situación resulta más agravante si se tiene en cuenta que, con especialidades, en términos de derecho comparado España es en el único país del mundo en donde se condena a los titulares de los espacios cinagéticos por los daños en los vehículos y a las personas en este tipo de siniestros.

## **2. Propuesta**

La Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, en su reunión de 2010 en que aprobó la creación del Comité de Caza y Pesca, señaló, como una de las líneas prioritarias de trabajo de este Comité, la revisión del régimen de responsabilidad de los espacios cinagéticos, por ser éste un aspecto con competencias estatales que afecta a la gestión de las especies cinagéticas con importante impacto en los presupuestos medio ambientales de las comunidades autónomas, y por existir una importante demanda social sobre la resolución de la situación.

En este sentido, el Comité de Caza y Pesca aprobó la creación de un grupo de trabajo para tal fin, el cual, trabajando desde entonces, ha elaborado una propuesta de resolución de la situación que incluye la siguiente propuesta de nueva redacción para la Disposición Adicional Novena de la Ley de Seguridad Vial:

**La responsabilidad en los accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animales cinegéticos en las vías de circulación se atribuirá conforme a los siguientes criterios:**

- 1. De los daños a personas y bienes producidos en accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animales cinegéticos en las vías de circulación, responderá el conductor del vehículo. No se podrá reclamar por el valor del animal que irrumpió en la vía.**
- 2. Los daños a personas y bienes producidos en accidentes de tráfico ocasionados por irrupción de animales cinegéticos en las vías de circulación, no serán exigibles a los titulares del aprovechamiento cinegético de los terrenos, o en caso de no existir estos titulares, a los participantes en la acción de caza, salvo que el siniestro sea consecuencia directa de una acción de caza colectiva, llevada a cabo el mismo día de producido aquél y sobre una especie de caza mayor.**
- 3. Podrá ser considerado responsable del accidente el titular de la vía pública cuando el siniestro ocurra por causa del mal estado de la misma, por su señalización defectuosa o cuando carezca de vallado en caso en que sea legalmente preceptivo. En todo caso, tanto la concurrencia de vegetación en la zona de dominio público de una vía, que pudiera influir la visión de la señalización o en la producción del siniestro, como la inexistencia de pasos de fauna en vías de vallado preceptivo, se entenderán como mal estado de la vía.**

El Comité de Caza y Pesca considera que esta propuesta establece un reparto de responsabilidad más justo, y jurídicamente más claro, que el actual vigente, equiparando nuestra regulación a la de los países de nuestro entorno. Con carácter general los accidentes por especies cinegéticas se equiparan a accidentes causados por otras eventualidades naturales imprevisibles, como por ejemplo la existencia de una placa de hielo en la carretera. En virtud del vigente código de circulación, que establece la obligación del conductor a adecuar la velocidad del vehículo a cualquier imprevisto, el conductor responde -tenga o no la culpa- a través del seguro de su

vehículo, pues introduce un elemento de riesgo en el medio y los daños que pudiera soportar por el alcance de un ejemplar de fauna silvestre han de considerarse un riesgo de actividad. Por lo tanto, el conductor responde con carácter general, aunque no haya incumplido las normas de tráfico. La responsabilidad se deriva de la acción de circular con un vehículo por una calzada, no por contravenir las normas de circulación.

No obstante, se reconoce que la caza en sí misma también es una actividad de riesgo, especialmente en cacerías colectivas de especies de caza mayor, debido al desplazamiento forzado de las poblaciones de fauna silvestre asustadas por el movimiento de personas, perros, estruendo de las armas, etc. Es por eso que parece razonable que respondan los titulares del espacio cinegético si entre el daño al tráfico y una acción colectiva de caza hubiese un nexo causal que los vinculase. Otras modalidades de caza no se consideran inductoras de un riesgo mayor de movimiento de ejemplares de fauna silvestre al de otros aprovechamientos o usos del medio natural (senderismo, fotografía, recogida de setas, madera, pesca, quads, paseos a caballo, etc.) y cuya regulación en este sentido sería enormemente compleja, razón por la cual sus riesgos inducidos se consideran englobados en el punto primero de riesgo general.

Finalmente, también parece lógico atribuir responsabilidad al titular de la vía de circulación en que acontece el accidente, particularmente cuando éste se produzca por una inadecuada construcción, señalización o mantenimiento que prevengan la ocurrencia de accidentes. En este sentido, el nuevo redactado propuesto acota y especifica condiciones específicas de mantenimiento y construcción.